

17 DE ABRIL. Día Internacional das Loitas Labregas

▶ 21



FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano IL - N° 338 - Abril-Maio 2022

O TSXG CONFIRMA A DISCRIMINACIÓN DA MAIORÍA DE GRANXAS DE CARNE NAS AXUDAS COVID-19 DA XUNTA



AGROINDUSTRIA

Explotacións, danos ambientais e expulsión do campesiñado ▶ 22 e 23

SECTOR VEXETAL

Congreso Sector Vexetal do SLG-CCLL celebrado o domingo 20 de marzo en Betanzos ▶ 11 e 12

SECTOR LÁCTEO

Alegacións ao proxecto de Decreto do Observatorio do Sector Lácteo de Galicia ▶ 14

A resolución do recurso xudicial presentado polo Sindicato Labrego Galego revela que a Consellaría do Medio Rural excluíu a máis da metade das granxas de vacún de carne galegas. Este fallo anula a discriminación das granxas de menos de 10 vacas nutrices coa que a CMR bloqueou o acceso de 10.284 granxas galegas ás Axudas Temporais e Excepcionais aos Sectores Agrarios máis desfavorecidos pola incidencia da Crise da COVID-19. A maioría das granxas afectadas teñen como titular a unha muller. ▶ 3



Campaña para esixir a convocatoria do Gabinete de Crise da Xunta

Representantes do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas presentaron 7 solicitudes oficiais de convocatoria de Gabinete de Crise, dirixidas ao presidente da Xunta de Galicia, nos rexistros de Compostela, Ordes, A Estrada, Betanzos, Lugo, Chantada e Xinzo. Activouse en redes sociais a campaña #GabineteDeCriseXA! protagonizada por labregas e labregos do SLG, co fin de urxir á Xunta a convocatoria urxente do Gabinete de Crise. ▶ 7 a 10



A Soberanía Alimentaria para alimentar as persoas non o capital

Coincidindo co peche deste número do Fouce, Francia acaba de aprobar o cambio de nome do seu Ministerio de Agricultura e Alimentación, que agora pasa a chamarse Ministerio de Agricultura e de Soberanía Alimentaria.

Ao mesmo tempo o novo ministro, Marc Fesneau, aseguraba que quere amosar que “a agricultura, que é unha actividade con séculos de antigüidade na que a forza radica na tradición, é fundamental no modelo de desenvolvemento que queremos para os nosos fillos, porque se encontra na encrucillada entre a actividade produtiva, a cuestión ecolóxica e acuestión social”.

Durante a pandemia do Covid 19, a produción de alimentos considerouse unha actividade esencial e por fin comezáronse a cuestionar ideas como que a de que bens básicos como os alimentos ou o material sanitario poidan traerse sen problema de calquera parte do planeta, sen importar que na nosa terra tivesen que pechar as súas portas centos de granxas cada ano. Semellaba que por fin ía poñerse en valor o traballo das persoas agricultoras e gandeiras e o feito de reducir a dependencia para cubrir unha necesidade humana básica de importacións de miles de quilómetros ía motivar un xiro das políticas agrarias e alimentarias.

O certo é que pouco nos durou a ledicia pois case de inmediato os gobernos da Xunta e do Estado comezaron a actuar como se o único que consideraban importante fose manter a actividade dos supermercados e dos grandes proxectos da agroindustria, e moito menos que a xente puidese coidar os seus animais, os seus cultivos, vender nos mercados locais... Coa guerra de Ucraína e o seu impacto no mer-

cado de cereal e das materias primas, as subas nos combustíbeis e nos custos de produción, volveu ao debate a cuestión alimentaria e diversos actores que de sempre promoveron e festexaron a desaparición de labregos e de labregas comezaron a falar de soberanía alimentaria.

O certo é que non se trata dun acto de constrición nin un cambio nas políticas neoliberais que defenden e que consideran que o prioritario son os intereses do capital e a actividade económica das grandes corporacións nun mercado globalizado, aínda que si hai con claridade a constancia das dificultades crecentes de moitos sectores produtivos e do camiño certo cara ao colapso dun sistema económico que depende, entre outros factores, da dispoñibilidade de enerxía barata, nun contexto no que os combustíbeis fósiles e moitos materiais cada vez serán máis escasos e máis caros.

A Soberanía alimentaria é necesariamente anticapitalista e antipatriarcal

A soberanía alimentaria, concepto desenvolvido pola Vía Campesina, é o dereito dos pobos, dos países ou unións de estados a decidir a súa política agraria e alimentaria priorizando a produción agrícola local para alimentar á poboación e o acceso das labregas e dos labregos á terra, á auga, ás sementes e ao crédito. A participación dos pobos na definición da política agraria é fundamental así como o dereito das persoas labregas a producir de xeito sostíbel alimentos saudábeis e culturalmente apropiados, a prezos que cubran os custos de produción, protexéndose de importacións

baratas e regulando a produción e o mercado para evitar excedentes estruturais e prezos ruinosos para as persoas produtoras. Empregar o concepto de soberanía alimentaria é totalmente contraditorio con especular coa alimentación, seguir promovendo a desaparición da pequena e mediana agricultura, a concentración da produción de alimentos nun número a cada paso máis pequeno de empresas, a industrialización da agricultura, tecnoloxías perigosas dende o punto de vista da saúde o ou do medio ambiente ou o acaparamento da terra por parte de grandes empresas.

Mentres as nosas granxas sofren un incremento de esixencias burocráticas insuperables e o cumprimento de maiores requisitos, que na práctica moitos deles só dificultan os proxectos pequenos e medianos á vez que branquean grandes producións intensivas con fortes impactos a todos os niveis, a Comisión Europea vén de autorizar a importación de cereais transxénicos para compensar a caída do abastecemento de Ucraína e de Rusia e o propio estado español decidiu rebaixar temporalmente os niveis de residuos de pesticidas que poden ter os produtos importados de terceiros países.

A agricultura supertecnificada e enormes xornadas de traballo non son quen de ofrecer solucións para a dependencia alimentaria, enerxética, a suba de custos de produción ou a degradación das condicións de vida e da natureza. A soberanía alimentaria e o modelo de produción agroecolóxico son verdadeiras alternativas neste camiño acelerado cara ao colapso, pero, en calquera caso, a soberanía alimentaria é necesariamente anticapitalista e antipatriarcal. Que non nos rouben os conceptos.

Tódolos contidos deste periódico publicanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL
COORDINACIÓN
Vera Cruz Montoto Vázquez
Noelia Gómez Calvo

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Conchi Mogo, Ana Rodríguez Vázquez, Diego Sánchez Agra
DESEÑO E MAQUETACIÓN
Vera Cruz Montoto Vázquez
Noelia Gómez Calvo

COLABORACIÓN
Ana Rodríguez Vázquez, Isabel Vilalba Seivane, Conchi Mogo, Ana Eiras, Diego Sánchez Agra

PECHE DE EDICIÓN 14-06-2022

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147
prensa@sindicatolabrego.gal
www.sindicatolabrego.gal

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Contactar co ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS Local da CIG. ☎ 630 970 131
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 679 192 000
AS NOGAIS Casa do Concello (martes) ☎ 679 192 000
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edif. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6 ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edif. Rosales. ☎ 986 625 394
CRECENTE Centro Cultural San Paio. Albeos (luns) ☎ 669 215 346
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 699 924 630


CARNE ▶ A resolución do recurso xudicial presentado polo Sindicato Labrego Galego revela que a CMR excluíu a máis da metade das granxas de vacún de carne galegas

O TSXG confirma a discriminación da maioría de granxas de carne nas axudas COVID-19 da Xunta

A Xunta recorre a sentenza teimando en discriminar as granxas maioritarias na Galiza

A gandeira e Secretaria Xeral do SLG Isabel Vilalba, e o Coordinador do Sector Vacún de Carne no SLG-CCLL, Brais Álvarez, trasladaron en rolda de prensa en Lugo as claves do fallo xudicial contra a Xunta de Galicia. Este fallo anula a discriminación das granxas de menos de 10 vacas nutrices coa que a Consellaría do Medio Rural (CMR) bloqueou o acceso de 10.284 granxas galegas -máis da metade das que hai en activo- ás Axudas Temporais e Excepcionais aos Sectores Agrarios máis Desfavorecidos pola Incidencia da Crise da COVID-19 (Orde do 28 de Outubro do 2020).

Dende o SLG solicitamos a subsanación urxente desta irregularidade, e salientamos o feito de que, no noso país, as axudas só foron percibidas por 4.621 granxas, das case 19.000 que poderían ter sido beneficiarias. A nivel de Ternera Gallega, por exemplo, quedaron fóra aproximadamente a metade das granxas inscritas. Fica claro, e agora tamén dende o punto de vista da xustiza, que a Xunta de Galicia, malia contar con orzamento europeo e sendo unha das liñas de traballo da Unión Europea o fomento das pequenas e medianas granxas, instrumentalizou estes fondos para favorecer grandes granxas. Ademais, como indicamos xa no momento de elaboración da Orde, os 12 millóns de euros activados para vacún de carne e flor



Brais Álvarez, Coordinador do Sector Vacún de Carne no SLG-CCLL e Isabel Vilalba, Secretaria Xeral, na rolda de prensa en Lugo, o pasado 28 de abril.

constituían unha cuantía totalmente insuficiente.

Segundo unha estimación realizada polos servizos técnicos do SLG-CCLL, sería necesario, como mínimo, un orzamento ao redor dos 25 millóns de euros só para poder cubrir unha axuda que chegase a todas as

granxas do sector do vacún de carne. “A Consellaría do Medio Rural sabe perfectamente que no noso país a maioría das granxas de carne teñen 10 ou menos vacas nutrices. Na reunión previa á aprobación desta orde, na que o Sindicato Labrego Galego estivo presente, advertimos da

aberración de establecer unha axuda pública que, de xeito expreso e nunha situación de máxima complexidade e quebra de proxectos económicos, abandonaba ás pequenas granxas, precisamente as granxas que máis contribúen a vertebrar o medio rural”, explicou Isabel Vilalba.

A exclusión discriminatoria da Xunta

Nas alegacións presentadas á Orde tamén lle recordamos á Xunta que esta discriminación afectaba directamente ás mulleres, xa que do total de 22.677 granxas de vacún de carne que hai no noso país, un 49,60% están baixo a titularidade de gandeiras -11.247 granxas-, sendo maioría fronte ao 46,63% que contan con homes como titulares -o 3,77% restante ten como titular unha persoa xurídica-. A exclusión discriminatoria operada pola Xunta é bo exemplo da falta de sensibilidade e coñecemento das áreas rurais do noso país: en moitas ocasións as mulleres titulares destas granxas realizan aportes sociais esenciais, como a atención ás persoas que precisan coidados. Neste sentido demandamos a realización de estudos que permitan a aplicación da perspectiva de xénero nesta e en tódalas medidas desta índole activadas pola Administración Pú-

blica. “O requisito que discriminaba ás granxas de menos de 10 vacas é un requisito eminentemente político, unha estratexia para privilexiar, instrumentalizando o erario público, o modelo de produción agroindustrial defendido polo Partido Popular na Galiza e no Estado, como tantas veces ten eloxiado o conselleiro José González Vázquez”, abondou, Brais Álvarez.

“Esta sentenza do Tribunal Superior de Xustiza (TSXG), que dá a razón ao SLG, é motivo de ledicia, porque vai permitir subsanar unha inxustiza. Pero tamén é motivo de indignación e tristeza, porque é unha confirmación máis de que padecemos unha Administración pública orientada cara a un modelo industrial, á que non lle interesan as pequenas granxas, que son as que realmente axudan a manter un medio rural vivo”, concluíu Álvarez.

FORESTAL ▶ O aproveitamento gandeiro mediante pastoreo é un aproveitamento forestal

Rexistro de Terreos Forestais de Pastoreo e PAC

As parcelas de monte nas que se realicen aproveitamentos gandeiros teñen que estar inscritas no Rexistro de Terreos Forestais de Pastoreo



Nesta imaxe, unha mostra dos terreos forestais de pastoreo no municipio de Láncara, en Lugo.

Segundo a Lei 7/2012 de montes de Galiza e o Decreto 73/2020 polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma da Galiza, o aproveitamento gandeiro mediante pastoreo é un aproveitamento forestal. As parcelas nas que se realicen aproveitamentos gandeiros en montes ou terreos forestais de xestión privada teñen que estar inscritas no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo (procedemento MR604F), quedando regulado dito aproveitamento mediante o Plan de aproveitamento silvopastoril.

O Plan de aproveitamento silvopastoril non será necesario no caso de que o monte conte cun Instrumento de Ordenación ou Xestión Forestal rexistrado (Proxecto de ordenación, Documento simple/compartido de xestión, Modelos silvícolas orientativos), no que estea contemplado e regulado o aproveitamento. Con respecto á PAC, o FOGGA advirte que nas parcelas de Montes veciñais en man común declaradas na PAC, que non estean inscritas no Rexistro

público de terreos forestais de pastoreo, “considerarase que non existe dereito de pastoreo autorizado polo Monte Veciñal en Man Común (MVMC) e polo tanto serán inadmisíbeis na PAC”. Esta medida comezará a ter efecto a partires da campaña 2023, segundo nos informaron ao SLG nunha xuntanza conxunta co Fondo Galego de Garantía Agraria e a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal. Nesta mesma xuntanza tamén informaron que as parcelas que se declaren na PAC e estean inscritas no Rexistro de terreos forestais de pastoreo, teñen que ter un aproveitamento gandeiro efectivo

mediante pastoreo do gando.

No caso en que as parcelas se usen para a produción de herba para forraxe ou cultivo de cereal, debe optarse polo procedemento de solicitar un cambio de actividade de forestal a agrícola. Por outra banda, cabe sinalar que no caso de parcelas dos montes veciñais, o dereito de aproveitamento corresponde á persoa á que lle foi cedida/arrendada ou lle tocou no reparto de sortes/lotés entre as/os comuneiras/os, e non pode ser subrogado a terceiras persoas. Polo tanto, esta parcela só poderá ser declarada na PAC pola persoa á que a Asemblea do monte lle autorizou o uso.

A documentación necesaria para a realización do trámite é a seguinte:

- ✓ Acreditación da titularidade do terreo.
- ✓ Acreditación do dereito de aproveitamento dos pastos (en caso de cesión, arrendamento, reparto de sortes/lotés, etc...).
- ✓ Autorización para o pastoreo por parte da persoa propietaria. No caso de Comunidades de Montes Veciñais en man Común, acordo expreso da asemblea xeral (en caso de cesión, arrendamento, reparto de sortes/lotés, etc...).
- ✓ Plan de aproveitamento silvopastoril, asinado por técnico/a competente.

APICULTURA ▶ Guía

'Manexo de masas vexetais para a apicultura', unha guía de Frouma

O estudo pon en valor a relevancia das abellas como animais imprescindíbeis para a biodiversidade e para a produción de alimentos



Portada da obra publicada pola Asociación Frouma, a finais de 2021. Conta co financiamento da Deputación da Coruña.

A Asociación Frouma, coa colaboración do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas, publicou a guía 'Manexo de masas vexetais para a apicultura', baixo a coordinación do noso compañeiro Diego Sánchez. O estudo pon en valor a importancia das abellas como animais imprescindíbeis para a biodiversidade e, tamén, para a produción de alimentos. Neste proxecto analízase a relación das abellas coas plantas, a tipoloxía de meles existentes, os efectos nocivos dos pesticidas e repárase no presente e futuro da apicultura na Galiza, afondando na caracterización das masas e propostas de manexo. A obra foi editada a finais de 2021 e conta co financiamento da Deputación da Coruña.

SECTOR AGROGANDEIRO ▶ Unidade de acción para urxir a un cambio de modelo que poña fin á destrución das granxas e garanta a calidade dos alimentos

A Limia demanda atallar a suba de custos



Integrantes do SLG, entre eles a nosa Secretaria Xeral, Isabel Vilalba, durante a concentración en Xinzo de Limia. Á dereita, a compañeira Sonia Vidal durante a súa intervención.



Produtoras e produtores da comarca secundaron o pasado marzo a concentración convocada pola Asociación de Produtores da Pataca, o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL), a Federación Rural Galega, Unións Agrarias e a Asociación de Em-

presarios, Gandeiros e Agricultores da Limia (ADEGAL) na Praza Carlos Casares de Xinzo, para demandar ao Goberno galego e estatal medidas inmediatas que freen o impacto da actual suba de custos no sector produtor. A situación da crise do medio rural non é de agora,

senón que vén dada polas políticas dos derradeiros corenta anos.

O salvaxe incremento de custos de produción dos últimos meses agravou as numerosas dificultades que xa viñan enfrontando as granxas. As organizacións convocantes instaron a

mudar o actual modelo, dependente da especulación de mercado e insumos do exterior, ao tempo que presentaron unha batería de 20 medidas a activar pola Xunta e o Goberno estatal para comezar a frear o asalto de custos contra o sector agropecuario.

As 20 medidas urxentes propostas á Xunta e ao Estado

1. Un gasóleo profesional libre de impostos para as granxas agrícolas e gandeiras.

2. Flexibilizar a PAC nesta campaña para que se poidan sementar os barbeitos co fin de paliar a escaseza de cereais.

3. Busca dun mecanismo para adiantar os pagos da PAC unha vez feita a solicitude sen ningún tipo de gravame. Que as agricultoras e agricultores e as gandeiras e gandeiros teñan liquidez.

4. Flexibilizar os ecoesquemas para a PAC 2023.

5. Bonificación dos intereses e moratoria polo menos de dous anos nos préstamos das granxas agrogandeiras.

6. Redución de módulo acorde coa suba de custos de produción a todas as actividades agrogandeiras.

7. Incremento do porcentaxe dos gastos de difícil xustificación no réxime de estimación directa para o ano 2021, polo menos do 15%.

8. Condonación da seguridade social das agrogandeiras e dos agrogandeiros, tanto por conta propia como por conta allea, durante un ano.

9. Establecemento dun coeficiente redutor para os gastos derivados dos pensos, plásticos e fertilizantes.

10. Incremento do apoio dos fondos next generation para que cheguen a proxectos sostíbeis da produción primaria.

11. Construción dunha planta de recollida de residuos agrarios e planta de compostaxe.

12. Habilitar unha liña específica para o acondicionamento dos almacéns da pataca.

13. Aplicación real da lei da cadea alimentaria. Os prezos teñen que integrar as subas dos custos.

14. Bonificación da enerxía nas comunidades de regantes e nas granxas agrarias.

15. Reducir as autorizacións de forestar terras agrarias e autorizar os cambios de uso forestal a agrícola para atender as demandas de terra e premiar os cultivos forraxeiros, vexetais, cereal...

16. Facilitar a produción en terras de abandono.

17. Controlar que as importacións cumpren as normas vixentes na Unión Europea.

18. Incrementar a posta definida para potenciar a pataca e o cereal da Limia a través dos consellos reguladores.

19. Activar mecanismos de diálogo para buscar solucións conxuntas e activar as dinámicas de produción e non depender tanto da importación.

20. Fomentar os mercados locais para a venda de produto de proximidade, fomentando o autoabastecemento.

SECTOR AGROGANDEIRO ▶ Tratorada na comarca de Xinzo o 25 de marzo

A Secretaria Xeral Isabel Vilalba e a afiliación do SLG en Xinzo o 25 de marzo. Ao carón unha mostra das reivindicacións dos tractores que se manifestaron nas rúas.

Centos de tractores esixen en Xinzo aplicación das 20 medidas urxentes

A Secretaria Xeral do SLG-CCLL, Isabel Vilalba, animou a sumar forzas para acadar a Soberanía Alimentaria e a Soberanía Enerxética

Centos de tractores xuntáronse nas rúas de Xinzo o pasado 25 de marzo nunha segunda mobilización convocada pola Asociación de Produtores da Pataca, o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL), a Federación Rural Galega (Fruga), Unións Agrarias (UUAA) e a Asociación de Empresarios, Gandeiros e Agricultores da Limia (Adegal) urxindo medidas para salvar o sector agrogandeiro. O SLG instou a mudar o actual modelo, dependente da especulación de mercado e in-

sumos do exterior, ao tempo que demandamos a posta en marcha por parte da Xunta de Galicia e do Goberno estatal das vinte medidas presentadas polo sector para comezar a frear o asalto de custos contra o sector agropecuario. A Secretaria Xeral do SLG, Isabel Vilalba, deu comezo á súa intervención lembrando as loitas históricas da Limia, recoñecendo ás gandeiras e aos gandeiros e ás labregas e aos labregos da comarca como unha referencia de loita e dignidade das persoas que producimos alimentos.

De seguido Vilalba denunciou “o estrangulamento das granxas provocado polo incremento de custos de produción e uns prezos á baixa dende fai trinta anos”, e lamentou a ineficiencia actual das institucións públicas: “Señor Conselleiro,

señor Presidente da Xunta, señor Ministro, señor Presidente do Goberno, parécelles que non son suficientes as actuais dificultades para pór medidas enriba da mesa? Necesitamos deixar de ser unha pelota que se mandan dende Madrid para Santiago e dende Santiago para Madrid, precisamos que cada administración active as súas competencias”. Vilalba criticou asemade o desprezo cara as labregas e os labregos por parte dos gobernos, e lembrou que “aldeas xa temos, o que precisamos é poder vivir con dignidade nelas”. Chamou tamén a atención sobre o privilegiado trato que teñen sectores como o enerxético, que ademais funciona a base de especulación, en comparación a actividades económicas como a produción de alimentos, onde

nin tan sequera se garanten prezos que cubran custos de produción.

“Máis Soberanía Alimentaria, máis Soberanía Enerxética e menos políticos cobrando nos consellos de administración das grandes empresas enerxéticas e agroalimentarias”. A nosa Secretaría Xeral concluíu a intervención instando ao Goberno galego a cumprir coas súas responsabilidades convocando un Gabinete de Crise e reivindicou o redeseño das actuais políticas agroalimentarias para adoptar modelos de produción agroecolóxicos, que protexen e melloran a calidade das terras, e avanzando cara á garantía do dereito á Soberanía Alimentaria para os pobos, é dicir, á produción labrega de alimentos de calidade nos nosos propios territorios.



CAMPAÑA ▶ O SLG presentou 7 solicitudes de convocatoria nos rexistros da Xunta en Compostela, Ordes, A Estrada, Betanzos, Lugo, Chantada e Xinzo

Campaña para esixir a convocatoria do Gabinete de Crise da Xunta de Galicia

Activouse en redes sociais a campaña #GabineteDe-CriseXA! protagonizada por gandeiras e labregas do Sindicato Labrego

O pasado 28 de marzo varios representantes do SLG presentaron 7 solicitudes oficiais de convocatoria de Gabinete de Crise, dirixidas a Alberto Núñez Feijóo, nos rexistros da Xunta de Galicia en Compostela, Ordes, A Estrada, Betanzos, Lugo, Chantada e Xinzo. Urximos á Xunta a convocar un Gabinete de Crise centrado no establecemento de medidas inmediatas que garantan cuestións básicas como a recollida

de leite das granxas; a distribución de subministración para o benestar animal; prezos que cubran custos de produción; apoio á produción de cereais, forraxes e outra alimentación animal no noso territorio; funcionamento do Banco de Terras; fortalecemento da comercialización dos produtos labregos e a activación de estratexias de compra pública. O deixamento de responsabilidades da Administración galega fronte ao diferenciado impacto da folga de transporte na Galiza, no tocante á produción de alimentos por parte das granxas, e ao abastecemento de alimentos á poboación galega foi totalmente intolerábel.





Yolanda, gandeira nos Morangueiros (Curtis).



Raimundo Quintián, gandeiro de Betanzos.




Iván, gandaría nas Encrobas (Cerceda).



Serxio Boade, gandeiro de A Irixoa.



Iago Vilar Nieves, gandeiro de Allariz.




Elena e Claudia, gandaría en Viascón-Cotobade.



Elena Antelo, gandeira de Cerdedo-Cotobade.



Mercedes Alonso, gandeira de Cerdedo-Cotobade.



Xosé M. Parente, gandeiro de Cartelle (Ourense).



María Dolores Gándaras, labrega de Fisteus (Curtis).



Adolfo Cabarcos, gandeiro de Xermade (Lugo).



Consuelo Iglesias, gandeira de Doade (Lalín).



Marta Vázquez, gandeira e labrega en Noche (Vilalba).



Dolores e Sergio, labregas da comarca de Betanzos.



Iván, gandaría nas Encrobas (Cerceda).



Adrián Laxe, gandeiro da comarca de Betanzos.



Pablo Mosquera, gandeiro de Bean (Ordes).



Dolores Castro, gandeira de Oleiros (Vilalba).



Lois Lareu, gandeiro de Chantada.



Lourdes e Xosé Manuel, gandeiras de Cardama.



Vanessa Blanco, gandeira de Cabarcos (Vilalba).



Mercedes Ferreiro, gandeira de Taboada (Vilalba).




Gandaría Pear e Gandaría Figueiroa (Arzúa).



Feli e Liste, gandeiras de Guillufe, Tordoia.



Samuel Formoso, gandeiro da Limia.



Santi Rodríguez, labrego de Cartelle (Ourense).



Xiana e Antón, gandaría en Cesuras.



Tres mostras da cartelería elaborada polo Sindicato Labrego Galego para a campaña "GabineteDeCrisisXA!!", desenvolvida a través das nosas redes sociais dixitais.

O prezo do litro de leite subiu na Galiza, pero seguimos moi por debaixo dos custos de produción

Seguimos cos prezos máis baixos no Estado e na UE -27

Ao analizar os últimos datos obtidos arredor dos prezos do sector lácteo, extraídos do Informe de conxuntura de abril de 2022; e do Informe base de entregas de leite de febreiro, ambos publicados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, vemos que na Galiza contamos co 40% do censo de vacas leiteiras do estado (323.292) e o 56% das gandeiras e gandeiros de vacún de leite do estado (6.333). Con todo, neste último ano, foron 346 as granxas de leite que se viron na obriga de pechar. Como consecuencia, reducimos o leite producido, obtendo unha cifra de 23.968 toneladas menos respecto a marzo de 2021. Aínda así, seguimos producindo o 40% do leite do estado. Por outra banda, reparando nos datos concretos do prezo do leite que reflicte o informe, observamos que as variacións son mínimas:

1. Prezo medio no Estado español para abril: 40,68 euros/100 Kg.
2. Prezo medio europeo para abril: 45,96 euros/100 Kg.
3. Prezo medio na Galiza para abril: 40,87 euros/100 Kg.



Afondando nas facturas, é relevante reparar nas variacións existentes entre unhas empresas e outras. Analizamos as do leite do primeiro trimestre do ano 2022 e concluímos que agás algún caso de xulgado, case todas incrementaron o prezo entre 1 e 2,5 céntimos ao longo do trimestre. Vimos algún exemplo dun incremento (imaxinamos que temporal) de 5 céntimos, pero só no mes de marzo. Tamén percibimos que os prezos finais sen IVE para o mes de marzo na Galiza van dende os 24 céntimos (si, aínda existen) deica aos 42 céntimos. Os prezos finais sen IVE máis frecuentes que observamos no mes de marzo foron entre 32-36 céntimos. Segue habendo moitas diferenzas de prezo en función do volume de leite entregado. Moitas veces as granxas máis pequenas non son menos rendíbeis, senón que cobran moito menos por un produto de igual ou superior calidade. O SLG considera que estes datos non fan máis que confirmar que a inmensa maioría deste país seguen vendendo o leite por debaixo de custes de produción, que a propia Consellería de Medio Rural calculou en 40 céntimos/litro para o ano 2021.

SECTOR VEXETAL ▶ Congreso do Sector Vexetal do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas, celebrado o domingo 20 de marzo en Betanzos

Congreso do Sector Vexetal do SLG

A anterior Dirección da Horta, Froita e Flor denomínase agora Sector Vexetal, e agrupa todas as producións vexetais que se fan no país

O pasado 20 de marzo celebrouse o Congreso do Sector Vexetal do SLG, no Antigo Matadoiro Municipal de Betanzos, tendo como presidenta a Belén Fervenza Couñago, a Ana Eiras Regueira na secretaría, e a Santiago Rodríguez Cid e Enrique Outes Durán como vogais. A Secretaria Xeral do SLG, Isabel Vilalba, inaugurou esta cita congresual. A anterior Dirección da Horta, Froita e Flor denomínase agora Sector Vexetal, e agrupa todas as producións vexetais que se fan no país: horta, froita, flor, pataca e castaña, que anteriormente tiñan a súa Dirección, ao igual que o caso da Pataca. Santiago Cid e Belén Fervenza son as responsábeis do sector.

O sector vexetal na Galiza

Levamos décadas sufrindo as consecuencias de políticas públicas agrarias que expulsan ás persoas labregas da terra, que concentran a produción de alimentos en mans das grandes multinacionais que, cada vez máis, monopolizan todas as fases de produción de alimentos: a terra, a auga, as sementes, as plantas, os tratamentos fitosanitarios, a venda e a distribución de alimentos, a publicidade e o acceso ao mercado.

Este sistema depredador da riqueza e da diversidade dos territorios medra ao amparo dunha clase política que incen-



As compañeiras e os compañeiros do Sindicato Labrego Galego ás portas do Antigo Matadoiro Municipal de Betanzos.

tiva este modelos cos seus grandes modelos económicos, por enriba da saúde das persoas e do territorio. Son moitos os síntomas de enfermidade e colapso dun modelo económico que xa non serve, que fai augas por todas partes, que empobrece as persoas, que contamina os territorios, que agrede os dereitos de todos os seres vivos que vivimos nel e os expulsa afianzando día a día a brecha entre "ricos"

de "pobres", concentrando cada vez máis toda esa riqueza en mans de menos persoas. Eses grandes grupos teñen o control dos gobernos e das nosas vidas, algo que nestes días, coas problemáticas que estamos a vivir constatamos. Dende hai moitísimos anos, este sindicato defende como obxectivo a Soberanía Alimentaria, e con esta folla de ruta leva traballando décadas, e hoxe, máis que

nunca, é imprescindible para a sociedade galega ter persoas produtoras asentadas no país, producindo a alimentación necesaria para garantir o noso dereito á vida e tamén a unha alimentación sa e saudábel. Nas nosas mans está o coñecemento dun oficio fundamental para a vida. Da nosa práctica responsable depende o futuro do territorio e da sociedade que pouco a pouco comeza a valoralo.

Unha nova denominación

Agora temos todas as producións vexetais agrupadas nun mesmo sector, é unha cuestión de reestruturación dentro do propio Sindicato, porque as políticas que afectan a todas son as mesmas, máis ou menos, aínda que cada cultivo poida ter a súa propia característica de produción, e en determinadas zonas se cultiven máis uns alimentos que outros. Por outra banda, tamén viamos que era importante recuperar a produción da pataca e a castaña, dúas producións fundamentais que forman parte da identidade galega, e tiñan que estar tamén representadas no sector vexetal. Esta nomenclatura

facilita a nivel organizativo e sindical. Así, ademais, é máis doado para a xente nova que se incorpora que a produción hortícola sexa máis diversa. Na zona de Ourense e Lugo temos os castiñeiros e os soutos, producións que se están a fortalecer, grazas ás persoas máis novas que están collendo o relevo xeracional. Consideramos fundamental o aporte das persoas máis maiores que están neste sindicato, e das que se acaban de xubilar, para transmitirle ás novas xeracións que veñen as formas de seguir traballando a terra, como se facía antes, aínda que innovando e adaptándose aos tempos.

Obxectivos e propostas do SLG para o Sector Vexetal

O que pretendemos dende o SLG, polo tanto, é que todos os sectores produtivos fiquen agrupados para ter unha voz ao unísono e defendermos todas as producións do país a nivel galego. Esta é unha das cuestións máis latentes. Por iso é fundamental que teñamos unha representación sindical na defensa dos intereses da produción vexetal na Galiza. O sector precisa a unha persoa que sexa a cara visíbel, responsabilidade que a partires d'agora asumirá o labrego de Cartelle (Ourense) Santiago Rodríguez Cid. Alén diso, pretendemos poñer en valor o feito de agruparnos e de mellorar no traballo interno por comarcas e necesidades, para que todas as persoas afiliadas e produtoras do sector poidan estar presentes. Un dos obxectivos do SLG en relación ao sector vexetal xira arredor de traballar na organización interna e por comarcas.

Hai moitas persoas traballando con ilusión e esforzo para recuperar os espazos da nosa terra, onde merecemos vivir dignamente do noso traballo. "Eu síntome orgullosa de estar dentro do Sindicato Labrego Galego", afirma Belén Fervenza, vicerresponsábel do Sector Vexetal e membro da dirección nacio-

nal. "Orgullosa de aportarlle tempo do meu tempo a esta organización e seguir crescendo colectivamente. É dar forza a un xeito de entender a vida e a produción de alimentos que creo que de aquí en diante vai ser fundamental".

Propostas

As propostas a curto prazo podémolas dividir en dúas liñas: unha que ten máis que ver coa administración e a outra coa xente consumidora. Pero sobre todo, coa administración que é dende onde temos que traballar no Sindicato. Precisamos unha información moi clara, de cara ao sector, sobre os produtos que estamos a consumir. Vaise pelexar por unha etiquetaxe clara e loitar por pedir axudas directas ás granxas vexetais. "Na gran liña da PAC non hai nada específico para nós. Entramos nalgunha das liñas pero cóbrase moi pouco ou directamente nada, porque a PAC, aínda que están metendo moitos cambios, segue asociada á superficie, e as granxas de horta no país non son proxectos produtivos de grandes superficies", explica o compañeiro Santiago Rodríguez Cid, responsábel do sector vexetal, alén de ser membro da executiva nacional do Sindicato

Labrego Galego e tamén membro da dirección nacional. En canto á cuestión da etiquetaxe, estase preparando un texto para enviar á Xunta, porque cremos que é un tema urxentísimo. Estanse facendo auténticas barbaridades e as compradoras non temos forma de saber que é exactamente o que estamos a mercar. Por iso, dende o sector, procuramos unha etiquetaxe única e doada de distinguir e de entender do sector vexetal galego e da horta galega. Por outra banda, tamén estamos traballando na defensa das sementes e variedades locais e autóctonas. Debemos intentar que non se perda o que queda e tentar recuperar as variedades que había. Neste aspecto, a administración, cando menos, que facilite que entre as labregas que se poida volver recuperar e conservar a xenética que temos do país, porque de cara ao cambio climático isto é bastante importante. Ademais, tamén necesitamos formación de cara ás propias labregas.

O futuro do sector

Cómpre que a administración apoie a venda directa dos proxectos produtivos. Vanse creando proxectos pero se non teñen os rendementos mínimos

asegurados non poden saír adiante. Cremos que con estes pequenos cambios o sector vexetal do país pode mellorar. En realidade, vai ter que facelo (mellorar) dun xeito ou outro, por necesidade, porque estamos vendo que traer alimentos doutros sitios cada vez é máis complicado, e as persoas temos que comer, tanto as ricas como as pobres. O sector, implíquesse máis a administración ou implíquesse menos, temos que concienciarnos de que ten saír a diante. En relación ás cooperativas e proxectos vinculados co vexetal, van aparecendo proxectos novos e de xente nova, o problema é a continuidade dos mesmos.

Contamos con moi pouco apoio económico e cunhas liñas de axuda para incorporación, pero non hai axudas para a continuidade dos mesmos, é dicir, se aos cinco anos ese proxecto produtivo é rendíbel ou non. O idóneo sería, sen dúbida, que as granxas vivisen sen axuda ningunha, pero para iso a administración tería que regular, dunha vez, os prezos. Se non hai unha regulación mínima de prezos que garanta os salarios mínimos das persoas produtoras é moi difícil realizar o noso labor coa terra.



De esquerda a dereita: Enrique Outes Durán, Santiago Rodríguez Cid, Belén Fervenza Couñago e Ana Eiras Regueira durante o Congreso do Sector Vexetal do SLG. Na segunda imaxe, a labrega de Redondela e vicerresponsábel do Sector Vexetal, Belén Fervenza, canda Santiago Cid, labrego de Cartelle e responsábel do Sector.

GRANXAS BOVINAS ▶ Alegacións ao proxecto de Real Decreto en fase de elaboración polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación

Alegamos ao borrador do RD de Normas Básicas de Ordenación das Granxas Bovinas

Solicitamos limitar a carga burocrática e ter en conta os aportes sociais e medioambientais das pequenas e medianas granxas

O Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas, a través da súa Secretaria Xeral, Isabel Vilalba, presentou alegacións ao proxecto de Real Decreto polo que se establecen as Normas Básicas de Ordenación das Granxas Bovinas, en fase de elaboración polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Nas consideracións achegadas, no SLG-CCLL facemos fincapé na importancia de non sobrecargar con trámites burocráticos ás medianas e pequenas granxas de bovino. Estas granxas están vivindo momentos de enorme dificultade por

mor das desproporcionadas subas de custos de produción, polo que engadir novas esixencias burocráticas e custos implica comprometer aínda máis a súa supervivencia.

Ademais, como incidimos nas achegas presentadas, moitas das prácticas recollidas no borrador de Real Decreto son xa habituais nas granxas, pero o feito de esixir un importante número de xustificacións burocráticas engadidas fai inviábel, en grande medida, moitos destes proxectos de pequena e mediana escala. De feito, resulta absolutamente incoherente que este borrador recolla máis esixencias para as granxas de menor tamaño que para aquelas que pertencen a tramos superiores. Porén, reivindicamos que sexan recoñecidos os múltiples aportes das medianas e pequenas granxas de bovino, alicerce fundamental para a



produción de alimentos de calidade e a xestión do territorio, constituíndo en moitas zonas de interior e montaña unha das principais alternativas de emprego, e sendo especialmente relevante a súa contribución en termos ecosistémicos e no mantemento de hábitats de grande valor, como son os pastos naturais. Alén diso, dende o SLG-CCLL queremos destacar a nosa preocupación pola idea que subxace ao longo de todo o borrador do RD de que a cría de bovinos é unha actividade que debe ser illada da sociedade, le-

vada lonxe da vista das persoas. Esta premisa resulta totalmente contraria aos valores de transparencia desexábeis na produción de alimentos e está moi afastada da crecente demanda da sociedade actual de maior conexión co medio rural, a natureza e a cría de animais. Pon en risco tamén actividades educativas ou de agroturismo.

Tal e como está recollido no texto, semella que o borrador do RD só está tendo en conta a existencia de granxas industriais, un modelo que, habida conta dos seus prexuízos para o medio ambiente, os animais e as persoas, debería estar en fase de desmantelamento, reorientando as políticas agroalimentarias precisamente cara a pequenas e medianas granxas, contemplando a produción de alimentos como unha actividade económica máis da sociedade na que se insiren.

IXP TG ▶ Protocolo para a protección das granxas de vacún de carne adheridas á IXP TG

O SLG rexeita o novo protocolo Tenreira Galega

É intolerábel que o texto non aborde ningunha das cuestións clave: nin prezo, nin custos, nin compromisos da Industria

O SLG non asinou o Protocolo para a protección das granxas de vacún de carne adheridas á IXP Ternera Gallega presentado pola Consellaría do Medio Rural o pasado mes de marzo. “Non deixa de ser un papel en branco nun momento de crise extrema nas granxas, dita proposta non deixa de ser fume non recollendo nada en concreto que mellore a situación das granxas do sector”, sinalou a Secretaría Xeral, Isabel Vilalba, no acto de presentación do devandito protocolo. Esta posta en escena da Consellaría, abondou Vilalba, “non deixa de ser un brinde ao sol e palabras bonitas para un sector afogado, e

a pesares de que algúns o cualifican de acordo histórico, en dito protocolo nin se fala de prezo, nin de que criterios se van a ter en conta para o cálculo dos custos de produción nin de compromisos reais por parte da IXP para a defensa da Terneira de Suprema, nin compromisos reais por parte da Industria, xa que en dito protocolo a Industria e distribución só se comprometen a cumprir a legalidade que de por si xa deben cumprir”. “É un acto de absoluta irresponsabilidade cualificar este papel en branco de “acordo histórico”, aínda que xa todas e todos sabemos quen ten como costume vender fume e anotarse tantos que nin son tal nin son méritos deles”, sentenciou Vilalba referíndose á foto entre a Consellaría de Medio Rural e Unións Agrarias (UAAA) na sinatura deste texto.

“A foto ven a demostrar que este protocolo foi cociñado de costas ao sector e pactado sen conseguir ningunha mellora para aliviar a situación do sector”. Como tamén explicou, “dende hai meses levamos esixindo á CMR unha axuda inmediata para as granxas de nutrices para poder sobrevivir, así como estudos de custos inmediatos, diferenciación clara dentro da IXP entre a carne de Suprema e de Normal... E atopámonos con esta falta de respecto e engano cara ao sector”.



SECTOR LÁCTEO ▶ Alegacións ao proxecto de Decreto do Observatorio do Sector Lácteo de Galicia presentado pola Consellaría do Medio Rural

Reiteramos que o prezo é un indicador imprescindíbel para analizar o sector

A CMR pretende reducir as reunións a unha por ano e non garante que os prezos sexan tidos en conta para analizar o sector

O Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas, a través da súa Secretaria Xeral, Isabel Vilalba, presentou no mes de abril alegacións ao borrador de Proxecto de Decreto do Observatorio do Sector Lácteo de Galicia da Consellaría do Medio Rural (CMR). Malia que o borrador do texto dá inicio afirmando considerar este sector “o alicerce máis importante do agro galego” -hipérbole que propuxemos matizar para abarcar outros sectores de significativa relevancia no noso agro-, resulta canto menos contradictorio que acto seguido a Consellaría do Medio Rural considere óptimo reducir o número de xun-



tanzas ordinarias obrigatorias do Observatorio a só unha ao ano. Dende o SLG-CCLL solicitamos que a frecuencia mínima das xuntanzas ordinarias sexa trimestral, a fin de evitar que este Observatorio remate por ser unha ferramenta inútil e afastada da realidade do sector.

No ámbito das funcións atribuídas a este órgano (Artigo 3), e na liña da reivindicación que vimos realizando á Consellaría da urxencia de contar con índices oficiais públicos de custos

de produción sobre os cales poder calcular con transparencia o prezo do leite, propoñemos engadir que sexa o Observatorio a ferramenta empregada para a elaboración destes informes periódicos de índices de custos de produción. Cómpre asemade concretar neste apartado, apuntamos nas achegas presentadas, que os prezos percibidos polas persoas produtoras “serán” tomados en conta, entre outros factores, para analizar a evolución do

sector lácteo, e non o hipotético “poden ser” recollido no texto que propón a Consellaría. Suponse que o Observatorio Lácteo debería contribuír a garantir a supervivencia do sector, é dicir, a que as persoas produtoras perciban prezos que cubran custos de produción e remuneren o seu traballo.

O prezo é un indicador imprescindible, é totalmente inadecuado que a Consellaría pretenda relegalo a un aspecto secundario que pode ou non ser tomado en conta. Non tocante ás Vogalías deste órgano (Artigo 7), reivindicamos que as organizacións profesionais agrarias con maior representatividade da Galiza, e con presenza no Consello Agrario Galego, teñan garantidas, polo menos, o mesmo número de vogalías que os representantes da industria neste Observatorio. A proposta da Consellaría é limitar a representación das organizacións agrarias a unicamente dúas.

LACTALIS ▶ O SLG estuda as vías legais para facer cumprir os contratos

Lactalis deixa sen recoller o leite das granxas galegas

Lactalis é unha das industrias responsábeis da maior parte de recollidas de leite na Galiza

No contexto da folga de transporte convocada o pasado mes de marzo, varias industrias notificaron dun día para outro ás granxas que non lles recollerían o leite. Este foi o caso, por exemplo, de Lactalis, Nestlé, Pascual, Inleite ou da Federación Nacional de Industrias Lácteas (FENIL). No SLG-CCLL denunciámos nese momento que, como podíamos constatar a través de diversos contactos, estaba sendo posíbel que a maioría de industrias lácteas mantiveran a recollida ás graxas, posto que o compromiso das persoas convocadoras da folga era deixar pasar os camións da recollida e alimentación. Foron industrias coma Lactalis, que conta cun longo precedente de prácticas abusivas con respecto ás gandeiras e aos gandeiros, as que deron aviso da non recollida en todo o Estado. Dende o SLG temos claro que esta industria,



responsábel da maior parte de recollidas na Galiza, usou unha vez máis ás granxas como escudo contra esta folga, cando os principais responsábeis de que o leite non se recolla son eles. A industria que nese momento se negou a recoller o leite terá que responsabilizarse del. Neste sentido, o SLG estuda as vías legais para facer cumprir os contratos. Non admitiremos que a industria, e nomeadamente Lactalis, utilicen as granxas para as súas estratexias comerciais.

GRANXAS ECOLÓXICAS ▶ O prezo do litro de leite en ecolóxico baixou en todo o Estado español, padecendo as produtoras galegas un dos máis baixos de todo o territorio

O leite en ecolóxico reivindica revalorización do produto, prezos xustos e implicación institucional

Solicitan garantir a compra para centros públicos, promoción específica, medidas para cubrir custos e frear a caída dos prezos

Dada a situación de baixada de prezos e de estancamento na demanda que estamos padecendo no sector produtor de leite ecolóxico na Galiza, o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas convocou a produtoras e produtores de todo o país nunha xuntanza aberta o venres 22 de abril en Teixeira (Curtis). O encontro tivo lugar no Museo Etnográfico Río Mandeo, ao que acudiron arredor dunha quinta parte das granxas produtoras de leite ecolóxico do noso país. Nel analizouse a situación do sector e as necesidades das gandeiras e gandeiros de leite en ecolóxico; aportouse información sobre a situación no Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galiza (CRAEGA) e elaboráronse propostas de traballo para defender e fortalecer ao sector.

Os prezos do leite ecolóxico

Malia contar con só 113 explotacións no CRAEGA -20 delas presentes na xuntanza-, na Galiza producimos máis da metade do leite ecolóxico a nivel estatal. Logo duns anos de incremento na cantidade de leite producido e comercializado, atopámonos arestora cunha situación na que as industrias afirman que “non hai mercado” para o leite ecolóxico. Nesta conxuntura, o prezo do litro de leite en ecolóxico baixou en todo o Estado español, padecendo as produtoras galegas un dos máis baixos de todo o territorio.



Produtoras e produtores de leite ecolóxico na xuntanza aberta organizada polo SLG no Museo Etnográfico Río Mandeo (Teixeiro).

As granxas presentes no encontro sinalaron a situación de estancamento en prezos baixos de Leite Celta -a segunda empresa en volume de recollida de leite ecolóxico na Galiza, logo de

Lactalis-, manifestando a súa disposición a iniciar accións para reivindicar ás industrias un prezo mínimo de partida de 55 cts/l máis primas.

Ademais, existe unha signifi-

cativa preocupación ante a sospeita de que algunhas industrias están desvalorizando o produto poñendo no mercado leite ecolóxico envasándoo como convencional.

Batería de medidas para mellor a situación actual

Para resolver a situación de baixada de prezos e de estancamento na demanda que estamos padecendo no sector produtor de leite ecolóxico na Galiza, as gandeiras e os gandeiros reunidos na xuntanza aberta organizada polo SLG, elaboraron unha batería de medidas para instar á acción por parte da Consellaría do Medio Rural e do Ministerio de Agricultura e Alimentación. Acordaron, asemade, solicitar unha reunión urxente coa Consellaría do Medio Rural para facerllas chegar directamente, habida conta do seu manifesto abandono cara ao leite ecolóxico, que nin tan sequera estivo contemplado na estratexia de dinamización do sector lácteo galego.

En primeiro termo, propuxeron a creación dun foro de traballo do leite ecolóxico que funcione como espazo de intercambio, no que estean presentes todos os operadores vinculados ao sector. Complementariamente, demandaron a inclusión dun apartado específico para o leite ecolóxico no Observatorio que se vai crear para estudar os custos de produción e o desenvolvemento da Lei da Cadea.

Por outra banda, entre as medidas de apoio para

a transformación de produtos do futuro Plan de Desenvolvemento Rural (PDR), pediuse a priorización de inversións para produtos lácteos ecolóxicos, proporcionando os máximos apoios posíbeis, así como o deseño dunha estratexia de promoción propia para o leite ecolóxico.

Nesta liña, son fundamentais accións explícitas e de fondo por parte da Administración, como por exemplo garantir a adquisición dunha porcentaxe de produtos ecolóxicos galegos na compra pública en centros educativos, sanitarios e residencias de persoas maiores, e acompañando esta acción cunha campaña de información en materia de alimentación saudábel.

No que respecta a custos de produción e apoio oficial a modelos produtivos respectuosos co medio ambiente, instaron á Administración a sacar unha liña de traballo para a optimización da produción de forraxes propias; así como a primar o incremento de base territorial para as granxas en ecolóxico e a produción de cereais para o sector, a través dos instrumentos para a mobilización de terras.

MINAS ▶ Presentamos alegacións contra o proxecto de ampliación da mina de San Acisclo (Muras, Lugo)

Cúmulo de ilegalidades na ampliación da mina San Acisclo en Muras

O novo proxecto mineiro da promotora **Materiales Cerámicos Materias Primas SL.**, non conta nin sequera con avaliación ambiental


O Sindicato Labrego Galego, a asociación Petón do Lobo, Fundación Montescola, e Ecoloxistas en Acción Lugo, canda outros colectivos da Rede Galega Contra a Minería destrutiva da Galiza, Contraminación e entidades e asociacións ecoloxistas da Terra Chá, como Espazo Agroecolóxico, A Estruga e Terra Chá Sostible, presentamos o pasado marzo alegacións contra a aprobación do proxecto de explotación e o plan de restauración da explotación de recursos mineiros da sección C) de ampliación a San Acisclo número 4076, situada no termo municipal de Muras (Lugo), da promotora **Materiales Cerámicos Materias Primas SL.** Repleto de irregularidades, este novo proxecto mineiro non conta nin sequera con avaliación ambiental, requisito que é indispensable se se ten unha mínima vontade de respectar as pautas básicas de protección medioambiental.

Sen esta avaliación non poden ser incorporados os criterios de sustentabilidade na toma de decisións estratéxicas, nin garantir unha axeitada prevención dos impactos ambientais concretos que se poidan xerar, nin establecer mecanismos eficaces de corrección ou compensación. A ampliación mineira proxéctase na zona de ampliación de Rede Natura, cas múltiples afeccións que isto suporía. Na liña das eivas técnicas que caracterizan esta explota-

ción de minerais, destacamos a ausencia dun estudo hidrolóxico e hidroxeolóxico que garanta a calidade das masas de auga superficiais e soterradas, así como a non afección aos acuíferos, malia que cunha simple ollada ao proxecto pódese prever a futura afección severa e prexuízos irreversíbeis para o sistema de brañas e humidaís da zona impactada polo proxecto.

Esta actuación implicaría por parte da promotora do proxecto a vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA), ademais do impacto directo na calidade de vida da poboación da contorna e ser absolutamente incompatible con actividades produtivas tradicionais, como os usos gandeiros ou silvopastoris.

A promotora tamén pretende facer pasar unha ampliación mineira como unha sorte de “complemento”, obviando que na ampliación xa concedida no ano 1996 calculábase a extracción de 300 m3 de mineral de feldespatos con 4 operarios con ferramentas manuais, sen previsión de uso de maquinaria, o cal resulta incompatible tecnicamente cos obxectivos de produción presentados agora pola empresa, que parte dunha produción anual estimada de 140.000 toneladas de material vendíbel (53.846,15 m3). Ademais do documento presentado, con só ter en conta a produción prevista, prevese que as labores non se adecúen aos proxectos de explotación autorizados coa concesión da mesma, xa que non se trata dunha actualización destes, e se é previsíbel ocasionar unha maior afección.



En amarelo a extensión de territorio que afectaría á ampliación da Mina.

Solicitamos un informe das afeccións da mina

Proxéctase en zona proposta para a ampliación da Rede Natura

No SLG dirixímonos á Área de Relacións Internacionais e Reservas da Biosfera do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, así como á Deputación de Lugo, para que investiguen e se pronuncien ao respecto das irregularidades que arrodean ao proxecto de explotación e o plan de restauración da explotación de recursos mineiros da sección C) de ampliación a San Acisclo. O lugar de actuación é un monte totalmente cuberto de vexetación e dominado polo Pico de Escoiras e as paraxes da Pena da Abelaida, Pena Redonda, Ameixón, Sumeiro, Chao do Sumeiro, Cal da Restrebada e Pico do Corno. A mega-explotación divídese en catro frentes: Penalonga, Evelio, Kaspar e Forster. Calquera destes frentes producirían impactos na AEIP_11_11 Serra do Xistral.

A poligonal da mesma, que está claramente sobredimensionada, estenderíase incluso á beira oposta do río Landró polas paraxes de Riveira, Castelo García, a Fonte dos Cardos, Carranco, Castrosol e aos núcleos de Cabana, A Rúa, Coto, Margarida, Navallo, o Coto das Pedras... etc. Concretamente, dende o SLG-CCLL solicitamos que por parte do Consello Científico, órgano asesor do Comité MaB do Organismo Autónomo Parques Nacionais (OAPN), do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico sexa emitido un informe sobre a afección desta explotación mineira á conservación da superficie de hábitats da Rede Natura e afección aos valores da Reserva da Biosfera Reserva Terras do Miño, dado que se proxecta en zona proposta para a ampliación da Rede Natura.



Margarida Prieto, responsábel da loita contra o acaparamento de terras no SLG-CCLL, nas proximidades da Mina.

MINAS ▶ A Campaña de alegacións foi lanzada pola Asociación Petón do Lobo contra a Folla de Ruta aberta no mes de abril polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

Campaña de alegacións contra a folla de ruta para a xestión de materias primas

O SLG participou na campaña de dinamización cidadá á Folla do roteiro para a xestión “sostíbel” das materias primas minerais

Esta iniciativa do Ministerio, lonxe de significar un avance na protección medioambiental e das persoas que habitan as áreas rurais, considera a extracción mineira unha “oportunidade”, premisa gravemente preocupante que supedita o texto aprobado ao servizo dunha maior intensificación da destrución de recursos naturais e espolio de minerais nestas zonas. Á vista destes sucesos, semella que o único “reto demográfico” que ten que afrontar este Ministerio é conseguir expulsar á pouca poboación que aínda vive no rural.

A través das alegacións fornecidas pola Asociación Petón do Lobo salientamos as consecuencias para a saúde que ten a presenza de metais pesados da drenaxe aceda de mina, a contaminación de augas, así como o desastre paisaxístico que supón a minería contaminante ao descuberto, declarando que non queremos que se impulse nin se consoliden máis iniciativas mineiras contaminantes na Galiza.

Tendo en conta a Directiva 2014/52/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 16 de abril de 2014 pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE -relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente no relativo á localización dos proxectos-, a través das emendas achegadas solicitamos que non sexan autorizados proxectos que afecten a recursos hídricos,



Leito fluvial contaminado pola actividade mineira irresponsábel no municipio de Touro (A Coruña). Imaxe de Petón do Lobo.

a zonas húmidas como as brañas, chans agrícolas e forestais produtivos e/ou sobre áreas nas que precisamente xa se produciu un incumprimento das normas de calidade ambiental establecidas na lexislación da UE e pertinentes para o proxecto, ou nas que se considere que se produciu tal incumprimento, como é o caso do Monte Neme en Carballo, Touro e O Pino, Santa Comba, A Penouta...

De feito, tanto no Monte Neme, en Carballo como en Touro – O Pino, Santa Comba e A Penouta, produciuse un incumprimento reiterado no tempo da Directiva citada, polo que só é admisíbel a restauración destes espazos e solicita-

mos a súa declaración como terreos francos e non rexistrábeis a efectos mineiros.

A campaña de alegacións chama a atención tamén sobre a propia vulneración de prazos de exposición de iniciativas medioambientais infrinxida por esta iniciativa ministerial. Demandando a apertura dun novo período de exposición pública da devandita Folla de Ruta cunha duración de, polo menos, 30 días, como precisamente esixe a Directiva 2014/52/UE.

Ademais, tamén esiximos a elaboración dunha avaliación ambiental estratéxica desta ruta para a xestión “sostíbel” das materias primas minerais do Ministerio.

EÓLICOS ▶ Demandamos paralización inmediata

Macroparque Caíño-Brancellao

Afecta Boimorto, Curtis, Vilasantar, Frades, Mesía, Ordes, Carral, Aranga, Curtis, Oza-Cesuras, Sobrado, Abegondo e Guitiriz

A veciñanza dos trece concellos afectados polo macro-parque eólico Caíño-Brancellao estase organizando para parar a instalación de 58 aeroxeradores de máis de 200 metros de altura que a multinacional italiana Enel Green Power pretende introducir nos seus concellos. Dende o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas temos claro que a implantación de proxectos como este implica deixar de coñecer os nosos concellos como os vimos coñecendo até o de agora.

O SLG, canda outros colectivos e plataformas veciñais de afectadas, iniciamos unha campaña de información e alegacións para activar a acción social contra a imposición de parques eólicos. De feito, a principios do ano 2021, xa fixemos varias xuntanzas na contorna afectada agora tamén polo macroparque Caíño-Brancellao, daquela para informar e recoller alegacións para frear o parque Pena Ombra que afecta aos concellos de Curtis, Sobrado dos Monxes e Guitiriz; ao Parque Eólico Alto dos Borralllos (Iberdrola) proxectado sobre Sobrado, Vilasantar, Curtis, Mesía, Oza-Cesuras, Abegondo, Carral e Ordes, así como ao conxunto de parques proxectados nos Montes do Gato, que afectan aos concellos de Coirós, Aranga, Oza-Cesuras e Curtis principalmente. Dende a nosa organización levamos meses apoiando á veciñanza dos centos de concellos da Galiza afectados pola vaga de proxectos eólicos. E así seguiremos.

EÓLICA ASÍ NON ▶ Denunciamos o déficit democrático que o pobo galego está a sufrir coa actual vaga eólica. Esiximos á Xunta de Galicia a declaración dunha moratoria real na tramitación de parques eólicos

Concentración da Coordinadora Eólica Así Non diante do Parlamento de Galicia



A respónsábel da loita contra o acaparamento de terras no SLG-CCLL, Margarida Prieto Ledo, canda afiliación do Sindicato Labrego Galego e organizacións sociais.

O pasado 23 de marzo organizacións sociais, ecoloxistas, sindicais, culturais, veciñas e afectadas reuníronse diante do Parlamento de Galicia, en Santiago de Compostela, para denunciar o déficit democrático que o pobo galego está a sufrir coa actual vaga eólica. Dende a Coordinadora Eólica Así Non, da

que o SLG forma parte, esiximos á Xunta de Galicia: a declaración dunha moratoria real na tramitación de parques eólicos, o inicio da Avaliación Ambiental Estratéxica dun novo Plano Sectorial Eólico, a derogación da Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais e da Lei de simplificación adminis-

trativa -por supoñeren unha restrición dos dereitos democráticos da cidadanía-, a tramitación urxente dunha proposta de ampliación da Rede Natura 2000 -como ten demandado a Comisión Europea- para excluír do aproveitamento enerxético os hábitats máis sensíbeis e protexer os servizos ecosistémicos

que prestan á sociedade, a inclusión de representantes da cidadanía e colectivos sociais no Observatorio da Eólica Mariña e a convocatoria urxente dos demais organismos consultivos para abordar a problemática eólica e as consecuencias da mudanza climática e a transición enerxética.

DÍA MUNDIAL DA APICULTURA ▶ Instamos á Consellaría e á Xunta de Galicia a apoiar e reforzar esta campaña diante do Ministerio de Cultura, así como dos estamentos europeos e internacionais que correspondan

Demandamos compromiso institucional para declarar a Apicultura Patrimonio Inmaterial da Humanidade

20 de maio, Día Mundial da Apicultura, co que a ONU destaca o seu importante rol no mantemento da biodiversidade

O rexistro deste documento, enmarcado na conmemoración do Día Mundial da Apicultura declarado pola Organización das Nacións Unidas (ONU), forma parte dunha estratexia conxunta a nivel estatal lanzada pola Coordinadora de Organizacións de Agricultores y Ganaderos (COAG). De xeito previo, o pasado 11 de febreiro deu comezo unha campaña de recollida de sinaturas na plataforma Change.org para que a apicultura sexa declarada pola UNESCO Patrimonio Inmaterial da Humanidade, que

O Sindicato Labrego Galego rexistrou o 19 de maio na Consellaría da Cultura, a través do seu coordinador na área de montes, Diego Sánchez Agra, unha solicitude para declarar a Apicultura patrimonio inma-

superou as 80.000 sinaturas en apenas 2 meses, boa mostra da sensibilización que en xeral existe na sociedade ao respecto do valor da apicultura e a súa transcendencia para o mantemento dos ecosistemas e a biodiversidade no seu conxunto. Ademais, canda o rexistro desta solicitude nas Consellarías de Educación de varios territorios do Estado, presentamos no Ministerio de Cultura e Deporte 110.000 firmas de apoio á petición impulsada en Change.org.

A apicultura é un oficio milenario imprescindible para os nosos ecosistemas naturais e agrarios. A apicultura no medio rural, alén de fixar poboación, garante un mínimo potencial polinizador para que non decaia o vigor de moitas plantas e, por extensión, de todos os membros do medio que dependen destas plantas para perdurar. Segundo o Parlamento Europeo, o 76% da produción de alimentos e o 84% das especies de plantas dependen da polinización que realizan as abellas.

CONCENTRACIÓN ▶ A Coordinadora Eólica Así Non acadou a adhesión de 217 entidades e plataformas galegas de diferente índole que se botaron ás rúas de Compostela

Máis de 200 colectivos na marcha convocada pola coordinadora "Eólica Así Non" o 5 de xuño

No Día Internacional do Medio Ambiente reclamamos un modelo enerxético xusto coa sociedade e sustentábel co medio ambiente

A Coordinadora Eólica Así Non acadou a adhesión de 217 entidades e plataformas galegas de diferente índole (ecologistas, veciñais, culturais, sociais, sindicais, políticas...) que se botaron ás rúas de Compostela o domingo, 5 de xuño, Día Internacional do Medio Ambiente, para reclamar un modelo enerxético xusto coa sociedade galega e sustentábel co medio ambiente. Tras o anuncio público da convocatoria da marcha, o pasado 25 de maio, sumáronse a esta causa outras 32 entidades a maiores das que xa participaron en anteriores mobilizacións convocadas pola coordinadora e que recibiron un multitudinario apoio, como a manifestación do 5 de xuño de hai un ano, ou a celebrada en todo o país con motivo do Días das Montañas, o pasado 11 de decembro.

Resulta cada vez máis evidente a falta de planificación e ordenación do actual desenvol-

vemento de enerxías renovábeis, nomeadamente a eólica, que volve colocar a Galiza nunha situación de extrema ameaza ambiental e social, tanto en terra como no mar, baixo a escusa dunha "transición ecolóxica", dirixida na actualidade polas grandes multinacionais da enerxía coa conivencia e sumisión das administracións públicas.

Os proxectos eólicos

Máis de 275 proxectos eólicos, coas súas liñas de evacuación, están actualmente en tramitación na Xunta que, sumados aos proxectos de competencia estatal, xa superan os 300. Ante tal espolio eólico do territorio galego e a falta de apoio por parte das administracións públicas, máis preocupadas en dar facilidades ás grandes corporacións depredadoras, non é de estrañar que cada vez sexa máis amplo o rexeitamento social da poboación galega ao actual modelo enerxético. Por iso, o 5 de xuño, coincidindo co Día Mundial do Medio Ambiente, as máis de 200 organizacións que forman parte de Eólica Así Non participaron nunha grande mobilización en Santiago de Compostela



co obxectivo de manifestar o apoio ás fontes de enerxía renovábel pero a través dun modelo enerxético de implantación xusto e sustentábel, concibido

para dar servizo ao pobo e ao interese público e no que teña cabida o autoconsumo e outras formas de produción alleas ao oligopolio enerxético.

Os 9 principios do Manifesto "Temos Alternativa"

1. Protección da Natureza.
2. Preservación dos caladoiros de pesca e corredores ecolóxicos mariños.
3. Coidado do Patrimonio.
4. Compatibilidade coa soberanía alimentaria.
5. Aforro e eficiencia enerxética antes que aumento da xeración.
6. Soberanía sobre os nosos recursos fronte ao espolio enerxético.
7. Planificación enerxética con fins socioambientais e ao servizo do país.
8. Participación pública activa
9. Preservación da saúde pública.

Apoio de persoas recoñecidas da Galiza

A manifestación tamén contou co apoio de persoas recoñecidas na Galiza de diferentes artes e disciplinas culturais que nos últimos días axudaron á coordinadora Eólica Así Non a alentar á sociedade galega a participar nesta gran marcha por un modelo enerxético alternativo: Son da Rúa, Dios Ke Te Crew, A Banda da Loba, Xurxo Souto ou Toñito de Poi, grupo ITH, do eido musical; escritoras e contadores como Luz Fandiño, Suso de Toro, Iván García, Valentín Carrera, Olga Novo, Celso Sanmartín; ou personalidades ligadas aos mundos do teatro, cine e televisión como Quico Cadaval, Vitor Mosqueira, Rocío Barrio, Melania Pérez Cruz, Margarita Ledo, Mónica Caamaño, Anxo Baranga, Mabel Rivera, Enrique Banet, Nieves Rodríguez, Gloria Mascuñana, entre outros.

*O texto desta nova corresponde á nota de prensa enviada por Eólica Así Non.

DÍA DO MEDIO AMBIENTE ▶ O domingo 5 de xuño o Sindicato Labrego Galego acudiu á manifestación convocada pola coordinadora “Eólica así Non” en Compostela, da cal forma parte

Só a enerxía por e para o pobo é sustentábel

Falsas moratorias, bloqueo do COGAMADS e sentenzas condenatorias evidencian a conivencia da Xunta co oligopolio enerxético

Canda milleiros de galegas e galegos, o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas participou o domingo 5 de xuño, Día do Medio Ambiente, na mobilización convocada ás 12h en Santiago de Compostela pola coordinadora de organizacións sociais e veciñais “Eólica así Non”, da cal forma parte.

Logo dun ano dende que a sociedade galega visibilizara a súa preocupación pola vaga masiva de solicitudes de instalación de polígonos industriais eólicos, o goberno da Xunta de Galicia e, nomeadamente, a Consellaría de Medio Ambiente capitaneada por Ángeles Vázquez, seguen a ser os principais cómplices dos abusos do oligopolio enerxético no noso país.

O marco legal

A Xunta de Galicia négase a actualizar o Plan Eólico aprobado no ano 1997, manifestamente obsoleto para as novas xeracións de parques eólicos, que contemplan centos de muíños case tres veces máis altos ca Catedral de Santiago pegados ás aldeas, a 500 metros dos núcleos poboacionais, e a 200m. de vivendas “illadas”. O informe emitido polo Consello da Cultura Galega en decembro do 2021 identifica claramente esta grave situación. A Xunta de Galicia modificou o marco legal para dificultar que a poboación poida defenderse destes xigantes empresariais.

O goberno do Partido Popular de Alberto Núñez Feijoo, a través da Lei de Implantación de Actividades Empresariais -a

famosa Lei de Depredación aprobada no 2017 polo PP facendo valer a súa maioría absoluta nun clima de fortes protestas sociais- e da Lei de Simplificación Administrativa aprobada a principios do 2021, configurou un marco legal ao servizo dos intereses da patronal eólica, que provocou a actual situación de presión territorial insostíbel que está a converter Galiza na colonia enerxética do resto de Europa.

A redución de tempos de exposición dos proxectos de 30 a 15 días impostos por estas leis, xa irregular no momento da súa propia aprobación, habida conta de que contradecía o estipulado na Directiva Europea de Medio ambiente, conta xa con sentenzas xudiciais que consolidan a súa ilegalidade.



Concha Blanco Montecelos e Isabel Vilalba nas rúas de Compostela o 5 de xuño.

Falsas moratorias e bloqueo de COGAMADS

Foi tamén o Partido Popular quen, instrumentando a Xunta de Galicia, tentou desmobilizar á poboación afirmando, a través dun único medio de comunicación seleccionado ao efecto, a aprobación dunha falsa moratoria de parques eólicos. Dende a súa suposta entrada en vigor o 1 de xaneiro deste ano, o DOG anunciou a tramitación de 25 parques eólicos de competencia galega. Por certo, de competencia estatal saíron só arredor de 6, quen elabora os argumentarios da Conselleira Vázquez ao estilo clásico de “a culpa é do PSOE”, debería primeiro coñecer a existencia do DOG e do BOE.

Pola súa banda, a Conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, seguindo a liña de actuación da anterior conselleira, Beatriz Mato, que viu premiado o seu servilismo aos intereses das empresas enerxéticas con un posto de traballo no Consello Executivo de Greenalia -unha das empresas ás que máis proxectos eólicos lle está a tramitar a Xunta de Galicia-, bloqueou dúas veces en seis meses -en xaneiro e en xuño- a posibilidade de que o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sustentábel (COGAMADS) poida pronunciarse ao respecto da pertinencia dunha verdadeira moratoria que poña fin á tramitación compulsiva de parques eólicos. Canda esta conivencia goberna-

mental, imprescindible para dar cobertura ás obsesivas intencións de estragar o medio ambiente, contaminar as augas, expulsar á poboación das súas casas e logo converter a electricidade nun produto de luxo polo que nos chegan a cobrar a máis de 700€/MWh, algunhas destas empresas non dudan ademais en importar as tácticas de desarticulación social postas en marcha para esquilmar recursos nos países en vías de desenvolvemento, encargando investigacións que identifiquen líderes ou grupos de persoas que están articulando a defensa da nosa terra, ou organizando xuntanzas ca empresa e persoas expertas supostamente independentes. A loita por un modelo enerxético xusto e sustentábel segue a fortalecerse na Galiza. Son milleiros de alegacións as xa presentadas.

Somos milleiros de persoas as que temos a determinación de non deixar pasar este abuso. A enerxía é un ben básico, a especulación e encarecemento premeditado da mesma para enriquecer unhas poucas compañías a costa do maltrato a millóns de persoas só cabe responder cunha forte confrontación dende tódolos ámbitos, e a posta en marcha de accións que nos leven a acadar unha soberanía enerxética que nos protexa desta violencia económica e maltrato medioambiental.

HIDROELÉCTRICA ▶ Oposición á macrocentral hidroeléctrica que o grupo aragonés Alatalaya Generación quiere construír na Reserva da Biosfera Terras do Miño

Demandamos información exhaustiva sobre os impactos da macrocentral hidroeléctrica Xistral

O requerimento dirixiuse ao Órgano Reitor da Reserva da Biosfera Terras do Miño e á Dirección General de Calidad y Evaluación Medioambiental


O Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) demanda ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e á Deputación de Lugo que soliciten ao Consello Científico -órgano asesor da UNESCO e dependente do Organismo Autónomo Parques Nacionales (OAPN), entidade responsable de asegurar o correcto funcionamento da rede de bioreservas do Estado español-, un informe detallado ao respecto dos impactos que implicaría a macrocentral hidroeléctrica que o grupo aragonés Alatalaya Generación quiere construír na Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Ademais, dado que varios dos concellos que se verían absolutamente estragados pola macroinstalación que foi solicitada polo grupo Alatalaya Gene-

ración están situados dentro da Reserva da Biosfera Terras do Miño -nomeadamente Alfoz, Ourense e o Valadouro-, dirixímonos ao Órgano Reitor da mesma para solicitar que requira ao Consello Científico un informe ao respecto das afeccións desta macroestrutura de explotación enerxética na conservación da superficie de hábitats da Rede Natura, así como dos valores da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Fronte á grave ameaza que supón o plan de negocio desta explotación enerxética para a habitabilidade da contorna e a supervivencia dos seus ecosistemas, solicitamos tamén ao Ministerio que por parte do Consello Científico, órgano asesor do Comité MaB do Organismo Autónomo Parques Nacionales (OAPN), sexa emitido un informe sobre a afección deste plan industrial en relación á conservación da superficie de hábitats da Rede Natura e aos valores da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

As alegacións presentadas ao



Proxecto da central Hidroeléctrica Xistral do grupo Alatalaya Generación

Ministerio fan fincapé tamén nos prexuízos irreversíbeis para catro canles fluviais que tería esta megalómana construción: eliminación do rego Recaré, eliminación dun segundo rego inominado, a eliminación do rego Vilacampa e danos irreparábeis no Río Bao. Alertamos, asemade, da afección severa e irreversíbel para o sistema de brañas e terreos húmedos da zona de afección do proxecto; impactos graves para os hábitats prioritarios e de interese comunitario; prexuízos irreparábeis para o bosque de ribeira

e o bosque autóctono galego, e da afección moi severa e deterioro irreparábel para a Rede Natura 2000.

Advertimos tamén ao Ministerio, que é vital ter en conta algo tan básico como que as especies non entenden de límites xeográficos, e que o mantemento da conectividade ecolóxica é fundamental para a preservación dos ecosistemas e da coherencia da propia Rede, cuestión que para este proxecto extractivo en zona protexida de especial valor natural nin sequera se está a ter en conta.

Se mata ao medio rural non é enerxía limpa

O Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) e a Asociación Petón do Lobo damos a voz de alarma e manifestamos a nosa absoluta oposición ao proxecto da central hidroeléctrica Xistral (936 MWE), que o grupo de explotación enerxética aragonés Alatalaya Generación ameaza con instalar nos concellos de O Valadouro, Ourense, Alfoz, Cervo e Xove (Lugo).

As estruturas megalómanas desta empresa suporían a destrución da Serra do Xistral, o seu importante sistema de turbeiras, afectando directamente ao río Ouro xa que, como alertan xa dende a veciñanza, implicaría secar o seu caudal e facer desaparecer os regueiros que emanan da mesma.

Estes recursos hídricos, como o Recaré e o Vilacampa, son imprescindíbeis tanto para o mantemento da biodiversidade da zona como para actividades profesionais como a produción de alimentos, nunha contorna que non só foi obxecto de concentración parcelaria recente -nomeadamente na zona do Recaré-, senón que ademais acolleu moidade que se vén de incorporar á actividade agraria, facendo unha importante aposta vital e económica por un rural con futuro que agora está en risco obxectivo. De feito, o proxecto presentado polo grupo empresarial aragonés nin sequera ten en conta cuestións tan esenciais como a evolución do clima ou a evolución dos caudais do río Ouro

á hora de avaliar as captacións de auga previstas para repoñer a evaporación. Ademais do seu impacto destrutivo a nivel medioambiental, esta macroinstalación eléctrica exemplifica á perfección a falta de ética e o comportamento abusivo que, grazas á connivencia de administracións como o Goberno central ou Xunta de Galicia, estanse permitindo ter este tipo empresas.

A Macrocentral Hidroeléctrica Xistral procura a desprezábel finalidade de producir enerxía para ser almacenada e posta no mercado cando os prezos sexan máis caros. É dicir, rebentar a nosa terra para especular brutalmente cun ben básico para o benestar das persoas como é a enerxía.

O ALCOUVE DA MOURA ▶ Simón, Harris e Martín son tres mozos de entre 30 e 32 anos que decidiron apostar pola produción ecolóxica creando, en 2019, a cooperativa O Alcouve da Moura, entre as terras da Guarda e do Rosal. Entrevistamos a Simón, que posúe un ciclo en agricultura ecolóxica

“O ecolóxico é a única maneira de facer unha agricultura sostida no tempo”

✓ **Cando nace O Alcouve da Moura e por que decidistes apostar por unha cooperativa de produtos ecolóxicos?**

O Alcouve da Moura nace en 2019 coa idea de poñer en valor distintos recursos que temos ao noso arredor que, por distintas razóns, quedaron case abandonados, como poden ser os centos de hectáreas que temos no Rosal que están improdutivas, ou zonas de froiteiras, ou castiñeiros. Incluso tamén tratamos a recollida de algas no mar, que se relaciona moito á xente maior para abonar os campos pero tamén se usa para procesado de cosméticos. Entón recollémola para vender á industria cosmética.

Decidimos apostar polo ecolóxico porque cremos firmemente que é a única maneira de facer unha agricultura sostida no tempo (sostida no tempo significa sostíbel). De feito, toda a agricultura que se leva facendo no Rosal dende os anos 70-80, cando chegaron os químicos, fracasou toda porque o único que fixeron foi abarrotar a terra de químicos. E esa terra, antes ou despois, deixou de dar froitos e o único que daba era problemas.

Iso, sumado a unha baixa de presións polo globalización, fixo que o 90% dos produtores deixaran de traballar no campo. Apostamos pola forma de cooperativa por convicción, porque cremos que a mellor maneira de traballar e a máis eficiente é colaborando e non mandando.

✓ **De onde xorde o nome do proxecto?**

Un alcouve é un sementeiro de algo, onde botas sementes para que xerminen.

A Moura é o ser mitolóxico por excelencia da mitoloxía galega.

✓ **Desenvolvedes a vosa actividade agraria nos concellos do Rosal e de A Guarda. O terreo é voso?**

Ao principio comezamos na Guarda pero o 90% está no Rosal. Fomos pedindo aos veciños o terreo, incluso algúns veciños viñan a falar con nós para que os traballásemos, porque a maioría están en baldío e levan moitísimos anos sen coidar e son un gasto hoxe en día para o propietario. Están en réxime de arrendamento pero gratuíto, na maioría.

✓ **Que produtos cultivades? E como os distribuídes?**

Cultivamos de todo, sobre todo horta, invernadoiro, horta ao aire libre e tamén cultivos en extensivo como pode ser a cabaza, a pataca, estamos a facer boniato e algo de millo. Tamén cultivamos cogomelos. Doutra banda, facemos plantacións froiteiras en varias fincas no Rosal: maceiras, pereiras, abeleiras, etc., e algo variado. Tamén cítricos e mandarineiras. Coa industria traballamos en dous ámbitos: a nabiza, para a conserveira local A Rosaleira; e as algas, que as vendemos a unha empresa do Porriño que fai cosmética.

✓ **Como funciona en canto á organización a vosa cooperativa O Alcouve da Moura?**

Temos horta en invernadoiro e horta en exterior. O que facemos é cultivar e distribuír sobre todo a tendas e particulares, e tamén a algún restaurante, fundamentalmente pola zona de Vigo e os seus arredores. Ademais, temos o noso propio transporte.



✓ **Tedes un posto no Mercado do Rosal.**

Ademais da venda polas casas e polas tendas e restaurantes, temos o posto no mercado do Rosal, de luns a sábado. Nel traballa unha rapaza que non é socia, senón asalariada, chámase Isa.

✓ **Fálanos do que vendedes aquí.**

Colaboramos con outros produtores a nivel galego. De aquí da zona comercializamos tamén o tomiño, e agora imos comezar cos produtos da Comunidade de Montes de Couse. Temos distintos produtos: meles, lácteos de Casa da Fonte, galletas de Maruxío, etc., distintas cousiñas para complementar un pouco os nosos produtos.

✓ **Comezastes no ano 2019, en plena pandemia ou antes?**

Un pouquiño antes.

✓ **Como vivistes todo isto?**

A nivel de agricultura afectou para ben, sobre todo ás tendas, xa que viamos que vendían máis nestes períodos porque a xente

non podía desprazarse ás grandes superficies. Entón creo que todas estas tendiñas que aínda resisten hoxe en día nas vilas e nas cidades víronse beneficiadas. Nesa época vendeuse máis ecolóxico.

✓ **As persoas que vos dedicades á alimetación fóstedes as grandes heroínas.**

Aí dáste de conta que verdadeiramente fan falta produtores aquí. Temos que decrecer, non se pode seguir crescendo sen sentido e traendo cousas de sabe Deus cantos quilómetros e en que condicións se produciu.

✓ **Cales son as maiores dificultades coas que vos atopastes tanto ao principio como agora que xa levades 3 anos?**

O principal é económico, porque necesitas moita inversión ao principio para mercar maquinaria, para facer rendíbel o traballo, porque a día de hoxe é case imposible facer algo manualmente, e senón tamén en terras, en invernadoiros, en distintas cousas.

SEGUE ▶

Como non teñas esa capacidade económica é complicado. O segundo problema é a falta de conciencia por parte das persoas consumidoras. Esta falta de conciencia está acompañada da precariedade xeral que hai na sociedade. Non todo o mundo pode consumir todo ecolóxico, nin moitas veces de proximidade, pero eu achácoo fundamentalmente a unha falta de concienciación, porque moitas veces os prezos son un pouco por riba ou, ás veces, por baixo do prezo do supermercado.

✓ **En canto á maquinaria, fixéstevos con todo o material dende cero ou contabades con herdanza familiar?**

Os tres viñamos de tres mundos distintos. Eu fixen un ciclo de agricultura ecolóxica, porque me gusta o tema da agroecoloxía; meu irmán Martín, chegou do mundo da educación social; e na casa de Harris si que tiñan moita viña, botaban millo, teñen tractor, etc., entón está máis familiarizado co tema do ciclo de cultivo, que é o bloque fundamental.

✓ **Sodes moi activos nas redes (instagram, facebook). Hai fotos moi fermosas. Credes que as redes sociais axudan a dárllle visibilidade aos vosos produtos como medio de difusión?**

Hoxe en día todo o mundo usa as redes sociais para todo, e senón quedas á marxe totalmente. Nós intentamos subir case o mínimo: dúas publicacións ou tres como moito á semana, para non saturar, porque non é cuestión de estar subindo todos os días a todas horas todo o que fas ou deixas de facer.

✓ **Chéganvos moitos encargos ou novas clientas a través delas?**

Escribenos xente e tendas preguntando se facemos distribucións polas casas. Serve de vía de contacto. Pero tampouco te creas que moito.

✓ **A principal canle de venda segue sendo estar a pé de rúa.**

Si, o boca a boca e, de feito, a xente que nos fala polas redes sociais é porque alguén lle falou antes de nós.



Unha mostra do traballo que realizan Simón, Harris e Martín nos terreos da cooperativa O Alcouve da Moura; e tamén Isa, no Mercado do Rosal. Nas súas redes sociais comparten imaxes e vídeos sobre a produción ecolóxica nos terreos.



“Non hai moitos máis proxectos como o noso na nosa zona”

✓ **Tres rapaces novos decidín apostar polo traballo coa terra, coa natureza, co próximo. O traballo coas mans que se vén facendo dende sempre e que é fundamental para sobrevivirmos. Como vedes o futuro da sector vexetal na Galiza?**

Penso que o sector está tendendo a centralizar todas as producións e todas as vendas a grandes superficies, e sobre todo hai unha precariedade xeral na sociedade que provoca que a competitividade e concorrencia de prezos cada vez sexa máis forte en todos os ámbitos. Ofrecer un tomate por exemplo a catro euros o quilo, estando no supermercado a tres, antes podíase facer perfectamente porque a xente tiña capacidade de aforro. Hoxe en día a meirande parte, non.

Dáme a sensación de que o prezo hoxe en día conta demasiado no valor dos produtos, cando en realidade o que tiña que contar é o valor social, é dicir, todo o que trae ese produto detrás, a parte do prezo: de onde vén, en que condicións se produce, etc.

✓ **Que pensades do porvir da nosa terra e da relación das máis novas con el?**

O que vemos é que a xuventude está totalmente desligada da terra. Perderon totalmente os ciclos de cultivo, o manexo da terra, todo. Hoxe en día a calquera neno que lle preguntes como se cultiva unha verza non ten nin idea. Iso é un fracaso como sociedade. Chegamos ao punto actual no que hai moita xente preparada para ter moitos traballos pero na agricultura, que é o sustento de calquera sociedade, estamos moi verdes. E para volver a conseguir toda esa cultura agrícola, para recuperala, vai custar moito, non só pola teoría, son demasiadas cousas que os nosos maiores tiñan xa moi asimiladas polos tempos, polas razas, polas témporas, por todo.

✓ **Como vedes o futuro da cooperativa?**

Vémolo positivo sobre todo no sentido de que non hai moitos máis proxectos como o noso na nosa zona. Somos os únicos da nosa zona que manexamos estas producións e cultivos, entón iso é unha oportunidade.

FIN ■

CARTA CEVC ▶ A CEVC reivindica que a produción volva á poboación en forma de Soberanía Alimentaria no 17 de abril, Día Internacional das Loitas Labregas

Fronte a guerra e a crise, esiximos que se actúe en favor da Soberanía Alimentaria

Na Coordinadora Europea Vía Campesina esiximos o control dos nosos sistemas alimentarios e de produción da poboación en forma de Soberanía Alimentaria

A soberanía alimentaria é o dereito dos pobos a alimentos sans e culturalmente apropiados producidos con métodos ecoloxicamente sans e sostíbeis, e o seu dereito para definir os seus propios sistemas alimentarios e agrícolas. Sitúa as aspiracións e necesidades de quen produce, distribúe e consume alimentos no centro dos sistemas e políticas alimentarias, en lugar das esixencias dos mercados e as empresas. Tamén ofrece aos pobos e sociedades un control directo e democrático sobre como se alimentan e nutren, como utilizar e manter a terra, a auga e outros recursos en beneficio das xeracións actuais e futuras, e como interactuar con outros grupos, pobos e culturas sobre a base da solidariedade internacional.

A pesar da tendencia cada vez máis común e perigosa doutros actores a apropiarse do termo co fin de beneficiar a súa propia visión política, a soberanía alimentaria foi conceptualizada pola Vía Campesina en 1996 e definida na declaración de Nyéléni, un movemento global composto por organizacións que loitan por converter o termo en realidade. O dereito á soberanía alimentaria está recoñecido no artigo 15 da Declaración das Nacións Unidas sobre os dereitos das labregas e labregos que traballan nas zonas rurais (UNDROP) e a UE debe facer máis para apoiar a



aplicación deste dereito. Como organización que representa a pequenas e medianas agricultoras e agricultores de toda Europa, dende a Coordinadora Europea Vía Campesina (CEVC) aproveitamos esta oportunidade para abordar algunhas das causas sistémicas dos problemas agrícolas sobre as que as institucións europeas deben actuar e sobre as que a cidadanía debe mobilizarse para garantir responsabilidade e cambio.

Como voceira das pequenas agricultoras e agricultores, na CEVC reiteramos que co obxectivo de lograr unha produción sostíbel de alimentos para o futuro, debemos reconstruír a soberanía alimentaria de Europa a través da agroecoloxía, asegurando uns ingresos xustos para as persoas agricultoras e traballadoras agrícolas, garantíndolles o acceso á terra, ao mercado e aos recursos. Para levar a cabo estes cambios, tanto dentro da UE como a nivel internacional, na Coordinadora Europea Vía Campesina propoñemos:

Pasos a seguir

- ✓ Garantir prezos que cubran os custos de produción e que aseguren uns ingresos xustos para as persoas agricultoras e traballadoras agrícolas.
- ✓ Garantir un marco político sólido para afrontar e estar mellor preparadas en caso de crise alimentaria.
- ✓ Reconsiderar os efectos da posición da UE con respecto á negociación comercial internacional e dar un xiro radical cara á soberanía alimentaria.
- ✓ Garantir o acceso á terra.
- ✓ Poñer en marcha políticas públicas para facilitar unha transición cara á agroecoloxía campesiña e maior autonomía nos procesos agrícolas.
- ✓ Compromiso continuo para verdadeiramente facer fronte á actual crise ambiental: a verdadeira transición agroecolóxica ofrece unha enorme oportunidade para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro.

MASACRE ▶ Eldorado Dos Carajás en Brasil

#17Abril2022

26 anos despois, o crime e a persecución de quen loita pola terra e os territorios segue vixente en grande parte do mundo

Cumpriuse un ano máis da masacre de Eldorado Dos Carajás en Brasil, onde 21 persoas campesiñas do Movemento Sen Terra (MST) foron asasinadas durante unha mobilización que organizaron para esixir a expropiación de terras a terratenentes. Aínda que os responsábeis directos deste feito foron levados a proceso xudicial, vinte e seis anos despois a persecución e o crime contra quen loita pola terra e os territorios segue sendo unha constante en Brasil, Quenia, Marrocos, Colombia, Palestina e outras partes do mundo. No día 17 de abril, como cada ano, fixémonos sentir dende diversas partes do mundo para unificar os nosos reclamos e ofrecer solucións reais ás actuais crises que o noso planeta experimenta.

Dende La Vía Campesina, seguimos sendo testemuñas desta violación sistemática dos nosos dereitos a través da represión e persecución de líderes e defensores das terras, os territorios e o medio ambiente. Trátase de actos violentos que directamente atentan contra as nosas vidas, avalados por leis e políticas nacionais e internacionais que lle fan o xogo ao libre mercado do agronegocio e aos sistemas alimentarios corporativos. A pesares de todo isto, continuamos a nosa posta política pola Agroecoloxía, como expresión bandeira das nosas loitas pola Soberanía Alimentaria; que só será posíbel cunha Reforma Agraria real que posibilite a democratización do acceso ás terras de cultivo e que free o acaparamento e refugallo dos territorios ancestrais.

AGROINDUSTRIA ▶ Explotación de traballadoras, danos ambientais e expulsión do campesiñado

A agroindustria de froitos vermellos: Máis Escravidude, Menos Dereitos

O SLG estivo en Huelva (Andalucía) e Odemira (Alentejo-Portugal) para coñecer as condicións das persoas traballadoras

O Sindicato Labrego Galego participou nunha delegación internacional de La Vía Campesina (LVC) que se desprazou durante a primeira semana de abril a Huelva (Andalucía) e Odemira (Alentejo-Portugal) para coñecer, sobre o terreo, as condicións das persoas traballadoras, na súa maioría inmigrantes, da produción de amorodo e outros froitos vermellos nesas rexións. En Huelva o encontro foi acollido polo Sindicato de Obreiros do Campo SOC- SAT de Andalucía.

Realizáronse visitas a distintos tallos de traballo, empresas e asentamentos nas comarcas do Condado e Almonte (Huelva), onde se participou nun acto da Unión Local do sindicato, na zona de fresas de Paus, Moguer e Lucena, e ao leste na de Lepe e Cartaya. Mantivéronse tamén reunións con organizacións sociais, como WWF, Ecoloxistas en Acción, Sindicato Unitario, Huelva Acolle e a Mar de Onuba, así como co Delegado Territorial de Emprego, o Delegado Territorial de Agricultura e a alcaldesa de Almonte.

En Portugal a delegación foi recibida pola Confederación Nacional de Agricultura (CNA) e o Sindicato de Traballadores SINTAB. Visitáronse leiras de oliveiras tradicionais e explotacións ultraintensivas que están a ocupar cada vez máis superficie de terreo na rexión. Na zona de Odemira visitáronse empresas agroindustriais de froitos vermellos e realizáronse reunións



As persoas traballadoras dos froitos vermellos dormen amoreadas en chabolas nos campos de cultivo de Huelva.

con traballadoras e traballadores migrantes nos seus aloxamentos e en lugares públicos. Tamén se mantiveron reunións co Vicepresidente da Cámara Municipal de Serpa e a súa Xefa de Gabinete e co representante da Asociación Solidariedade Imigrante (SOLIM).

Ademais dos sindicatos mencionados (SOC- SAT, CNA e SITAB) participaron no encontro representantes de Land Workers Alliance (LWA) de Reino Unido, Uiterre de Suíza, a Federación Nacional do Sector Agrícola (FNSA) de Marrocos, a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) do Estado español e nós, o Sindicato Labrego Galego- Comicións Labregas (SLG- CCLL), da Galiza.

Dende o Eixo de Presión Comercial do Grupo de Traballo e Migración e Traballo Rural de ECVC, que busca dar visibilidade aos danos sociais, laborais, de xénero e ambientais da agroindustria, informando e concienciando ás consumidoras e aos consumidores, podéndose comprobar a repetición do mesmo modelo de explotación laboral que busca reducir cus-

tos salariais e gastos sociais, en base á vulnerabilidade extrema de persoas traballadoras, a través de contratacións en orixe, presenza de ETTs e intermediarios mafiosos, cooptación institucional, discriminacións legais de estranxeiría, segregación de vivenda e control empresarial permanente, entre outros elementos.

Na Coordinadora Europea da Vía Campesina, así como dende o Sindicato Labrego Galego, faremos un chamamento a organizacións sociais, ecoloxistas, feministas, sindicatos obreiros, etc., para informar e facer partícipes da magnitude que

ten a agroindustria, así como dos riscos futuros que se poden ocasionar se deixamos que esta avance nos territorios. Consideramos, polo tanto, a agroindustria como un problema global que a sociedade en xeral, e todas as organizacións sociais en particular, debemos de tomar moi en serio. Se cadra estamos ante un dos graves problemas e loitas que imos vivir, xa que estamos falando do dereito a unha alimentación sa, local e culturalmente adecuada, como a loita polo noso territorio e porque todas as persoas que habitamos o medio rural teñamos un modo de vida digno e non precario. O único que trae a agroindustria é fame e miseria.

Dende a Coordinadora Europea da Vía Campesina e dende o Sindicato Labrego Galego, consideramos que o único camiño é a Agroecoloxía, que coida do territorio, que é feminista, que alimenta verdadeiramente á cidadanía... Porque queremos Máis Labregas e Melloras Alimentos e debemos loitar pola Soberanía Alimentaria. Dende o SLG e dende a nosa Terra queremos berrar ben alto e ben forte:

SUREXPORT FÓRA DA GALIZA!



Coñecemos de primeira man o espolio de recursos de agroindustrias como Surexport, tamén instalada na Galiza, na Terra Chá.

Os riscos da agroindustria para a Vida das persoas e para o medio ambiente

✓ **LABORAL:** Prácticas abusivas, máis próximas á escravitude que a unhas condicións dignas de traballo, con xornadas de até 14 horas diarias, sen días de descanso. Maltrato verbal e ameazas constantes, cobrando sempre por embaixo do mínimo establecido no convenio de traballadoras agrícolas.

✓ **SEN CONDICIÓN DIGNAS DE VIVENDA:** Un dos grandes problemas que ten a agroindustria, en xeral, e dos froitos vermellos, en particular, é a grande demanda de man de obra. En Huelva para a campaña precísanse máis de 100.000 persoas xornaleiras, das que máis da metade son de fóra de Andalucía. Fomentouse o chabolismo, os denominados “asentamentos irregulares”, onde se atopan centos de persoas que traballan diariamente na recolección de froitos, ao non existir aloxamentos facilitados nin pola Administración, nin pola empresa. Trátanse de conglomerados de chabolas construídas de palés, cartón e plástico, onde non existe nin sistema eléctrico, nin, en moitos casos, acceso a auga cercada ao asentamento. A maioría atópanse ao carón dos “centros de traballo” e obviamente xunto a eles pódense ver vertedoiros, xa que non existen ningún sistema de recollida de lixo entre os mares de plástico. Todo isto xera, ademais, unhas condicións de insalubridade e inseguridade a pesar de que os seus habitantes tenden a manter limpos e confortábeis as súas “vivendas”. Toda esta situación é permitida polas administracións, os concellos... Todos miran para outro lado. Na Galiza temos constancia de que, sen chegar ao chabolismo, tamén as condicións de vivenda que se facilitan ás persoas traballadoras que chegan a facer a campaña en zonas como a Terra Chá en moitas ocasións non cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade, mesmo aloxando nalgúns casos a persoas en talleres de automóviles abandonados.

✓ **VULNERACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS:** A *Convención de Varsovia do Consello de Europa sobre a Loita contra a trata de seres humanos*, define a trata de persoas como “a contratación, o transporte, o traslado, o aloxamento, ou a acollida de persoas mediante ameazas de recorrer á forza ou calquera outra forma de obriga mediante rapto, fraude, engano, abuso de autoridade ou dunha situación de vulnerabilidade ou mediante a oferta ou aceptación de pagos ou vantaxes para obter o consentimento dunha persoa que teña autoridade sobre outra con fins de explotación”. Este engano nas condicións de contratación en orixe, cando é determinante da aceptación do contrato e do traslado, é unha das notas características da trata de seres humanos, particularmente das mulleres. En moitas ocasións son retirados os seus pasaportes, como medida disuasoria, por un lado para que permanezan en silencio, e por outro para telas controladas en todo momento.

✓ **VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES:** En Huelva o 99% das persoas que recollen os froitos vermellos son mulleres. As violacións nos asentamentos onubenses, así como as diferentes modalidades de abusos sexuais que existen acontecen, tristemente, nestes lugares. É fundamental que dende o

movemento feminista se lle dea visibilidade a estes abusos cara a mulleres moi vulnerábeis que aceptan en moitas ocasións estas situacións para poder facerlle chegar alimentos ás súas familias.

✓ **CONTAMINACIÓN MEDIOAMBIENTAL:** Este tipo de produción de froitos vermellos ten un alto consumo de auga, xa que para o cultivo dunha hectárea precisamos entre 4000 e 4500 m³ de auga. Ademais do problema que supón este consumo de recursos hídricos en moitos territorios como en Huelva -onde o crecemento da produción de froitos vermellos está tendo un grande impacto- tanto sobre a cantidade como na calidade da auga dispoñíbeis nas zonas húmidas do Espacio natural de Doñana, que se atopa xa dende hai anos en alerta vermella, como xa teñen denunciado diversas organizacións ecoloxistas. Tamén o uso de pesticidas é algo habitual neste tipo de producións. Poucas son as producións agroindustriais deste tipo que teñen unha produción ecolóxica, xa o que o máis habitual son os cultivos hidropónicos ou en terra xa desertificada, polo que o uso de pesticidas é máis que necesario para manter esta produción, sen falar dos efectos que este consumo ten para a saúde das persoas.

✓ **IMPACTOS NA SAÚDE:** Son coñecidas por todas os efectos que ten na saúde alimentarnos con produtos que foron tratados con pesticidas. O que non está estudado como se debería son os efectos que ten para a saúde das persoas xornaleiras o feito de estar traballando todos os días con este nivel de exposición sen control. Dende a Universidade de Huelva e a de Lleida, comezaron a preocuparse con este tema e están a realizar un estudo, no que están tendo grandes dificultades para facer o seguimento das persoas xornaleiras, que dependendo da temporada, atópanse nun lugar ou noutro.

✓ **ACAPARAMENTO DE TERRAS:** Tanto en Huelva como na Galiza estamos a ver como a produción desmesurada de froitos vermellos acapara terras, mesmo en terras que nun inicio non eran terras agrarias, senón terras forestais protexidas, como podemos ver continuamente tanto nas plantacións onubenses como na Galiza, onde están comenzando a alugar terras en Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (malia que a esencia desta figura é o aproveitamento gandeiro, agrario ou forestal da comunidade e das persoas comuneiras). Temos constancia xa na Galiza que se están botando fóra a persoas comuneiras, que están facendo aproveitamentos gandeiros na súa maioría, para favorecer o alugueiro para a agroindustria, o que dende o SLG-CCLL consideramos gravísimo.

✓ **EXPULSIÓN DAS PEQUENAS PRODUCIÓN LABREGAS E DESPOBOAMENTO:** A agroindustria tamén supón a desaparición das pequenas producións labregas, xa que, entre outros factores, estas non van poder competir canto menos en prezo, o que significa o abandono da actividade agraria pola falta de viabilidade económica, así como en moitas ocasións pode supoñer o abandono do rural para a procura de emprego noutras zonas. A agroindustria acelera o despoboamento do medio rural.

OMC ▶ ECVC e La Vía Campesina chaman á sociedade civil a mobilizarse para denunciar á Organización Mundial do Comercio e para defender a Soberanía Alimentaria dos pobos

Convocatoria de mobilizacións de cara á reunión ministerial da OMC en xuño en Xenebra

A Soberanía Alimentaria debe ser a base das políticas agrícolas e alimentarias en cada país e a nivel internacional

Dende a creación da OMC en 1995, ECVC e La Vía Campesina denunciaron as políticas neoliberais e de libre comercio que están a destruír ao campesiñado e a desestabilizar os sistemas alimentarios locais en todo o mundo. De Seattle (1999) a Cancún (2003), de Hong Kong (2005) a Buenos Aires (2017), loitamos contra a imposición dunha orde de libre comercio ao servizo das grandes empresas e dos multimillonarios.

O 10 de setembro de 2003, mentres se protestaba fronte á reunión ministerial da OMC en Cancún (México), o campesiño do KPL- Corea do Sur- Le Kyung- Hae sacrificou a súa vida apuñalándose. Este trágico incidente expuxo os efectos destrutivos da OMC e os seus esforzos de liberalización do comercio na vida de millóns de campesiñas e campesiños en todo o mundo.

Despois da nosa gran mobilización en Hong- Kong en 2005, o Programa de Desenvolvemento de Doha, que comezou en 2001, quedou en limbo, non se adoptou ningún novo acordo importante da OMC, especialmente en materia de agricultura. Malia iso, con todo, a OMC, establecida sobre a base do acordo de Marrakech en 1994, segue obrigando aos países para abrir os seus mercados ás empresas multinacionais e impide a aplicación de política públicas ambiciosas en favor da economía campesiña.



Manifestación contra a OMC. Fotografía extraída do sitio web da Coordinadora Europea Vía Campesina.

O libre comercio

Ademais, multiplicáronse os acordos bilaterais e rexionais de libre comercio. As políticas neoliberais e a imposición do libre comercio debilitaron enormemente ao campesiñado en todo o mundo. Empuxan aos países para dar prioridade aos cultivos de exportación e a depender das importacións para alimen-

tar ás súas poboacións.

Aumentan o acaparamento de recursos por parte das multinacionais, en detrimento do campesiñado e das comunidades locais. Contribúen a agravar a crise climática ao fomentar as plantacións de monocultivos, a deforestación, a sobreexplotación dos chans e da auga, e a diminución da nosa biodiversi-

dade. Hoxe, coa pandemia da Covid-19, cos acontecementos extremos relacionados co quecemento global e coa guerra en Ucraína e noutros lugares, está claro que facer que a seguridade alimentaria das persoas dependa do funcionamento do comercio internacional e das empresas transnacionais é un crime. Isto debe rematar.

Reunións durante o mes de xuño

Este mes de xuño, a reunión ministerial da OMC reunirase en Xenebra. ECVC e La Vía Campesina chaman á sociedade civil a mobilizarse para denunciar a esta organización criminal e para defender a soberanía alimentaria dos pobos. Reiteraron no Día Internacional de Acción contra a OMC e os Tratados de Libre Comercio que para a coordinadora – o movemento mundial do campesiñado, indíxenas, traballadoras e traballadores agrícolas, migrantes, pescadores/ as e pastores/ as- a única solución permanente é que a OMC e os TLC se manteñan á marxe de calquera debate agrícola.

Os alimentos non poden estar sometidos aos antollos dun mercado libre no que só algunhas persoas poden comer. O Consello de Dereitos Humanos da ONU tamén se reunirá a finais de xuño en Xenebra. Será a oportunidade para que os movementos campesiños de todo o mundo afirmen que a alternativa debe basearse nos dereitos do campesiñado e esixan procedementos para a aplicación da Declaración sobre os Dereitos de Lles Campesines e otres traballadores/ as rurais (UNDROP). Hai que acabar coa OMC! Soberanía Alimentaria e Dereitos Campesiños, XA!

MULLERES BRAVAS ▶ Proxecto lanzado por Amigas da Terra, Enxeñaría Sen Fronteiras e AGARESO que forneceu espazos de encontro na Galiza con cinco mulleres hondureñas

Defensoras da terra do SLG-CCLL partillan análises e propostas con activistas hondureñas

As activistas visitaron a Galiza para visibilizar a violencia á que están sometidas as persoas defensoras das terras

O SLG estivo presente en varios encontros do proxecto Mulleres Bravas, impulsado por Amigos da Terra, Enxeñaría Sen Fronteiras e a Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO,) que ten como obxectivo dar a coñecer os impactos sobre as persoas e o medio ambiente dos proxectos industriais e extractivos en Honduras e na Galiza, así como alternativas sustentábeis e as loitas das mulleres defensoras da terra. Esta iniciativa contou coa visita de cinco mulleres bravas hondureñas a Galiza: Coralia Argentina, Adolfina Contreras e Yeni Karina a finais de marzo-principios de abril, e Francisca Sipriana canda Leni Suyapa en maio de 2022. A Responsábel da Loita contra o Acaparamento de Terras no SLG, Margarida Prieto Ledo, participou o 6 de abril na mesa redonda aberta “Mulleres Bravas: muller, terra, territorio”, xunto a Coralia Argentina, Adolfina Contreras e Yeni Karina Aguilar.

O acto tivo lugar na Universidade da Coruña, e visibilizou a grave situación á que se enfron-

tan estas defensoras: ataques, desaloños, detencións ilegais, non poder saír da casa pola noite, ameazas aos seres queridos. Fronte ao que as compañeiras hondureñas reivindicaron que “a dignidade non ten prezo”. Dende Galiza, Margarida Prieto explicou que nos últimos anos “estamos padecendo a forte presión de multinacionais extractivas que acaparan terras agrarias, contaminan o medio ambiente e fan presión na poboación rural, en connivencia coa Xunta de Galicia e o Ministerio”.

No mes de maio tivo lugar tamén unha mesa redonda aberta, desta volta dentro do curso Escola de Sustentabilidade e Cidadanía Global da Universidade de Vigo, no que a Vicerresponsábel de Sector Vexetal no SLG-CCLL, a labrega Belén Fervenza, tivo a oportunidade de compartir cas lideresas hondureñas Francisca Sipriana Muñoz e Leni Suyapa Betancourt estratexias para seguir apoiando iniciativas de economía social e cooperativismo. Tamén compartiu análises con estas dúas mulleres defensoras a Responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG, María Ferreiro, que formou parte do Encontro de Activistas pola Defensa da Terra celebrado no Centro Etnográfico do Mandeo (Teixeiro).



Margarida Prieto Ledo, na palestra celebrada na UDC canda as lideresas hondureñas Coralia Argentina, Adolfina Contreras e Yeni Karina Aguilar.



Belén Fervenza (no centro) no espazo de intercambio da UVIGO, canda as lideresas hondureñas Francisca Sipriana Muñoz e Leni Suyapa Betancourt.



María Ferreiro, da Secretaría das Mulleres, formou parte do Encontro de Activistas pola Defensa da Terra celebrado no Centro Etnográfico do Mandeo (Teixeiro).



Adolfina Contreras ▶

Presidenta do Comité de crédito para o desenvolvemento económico local, forma parte da Mesa de Seguridade alimentaria e nutricional e do grupo impulsor para a defensa dos Dereitos Humanos.



Yeni Karina Aguilar ▶

Ten 23 anos e xa acumula 5 batallando contra o megaproxecto fotovoltaico que ameaza o seu pobo. Botou 9 meses vivindo nun campamento na zona onde pretendían instalarse.



Coralia Argentina ▶

É lideresa comunitaria e tamén “garda recursos” voluntaria, unha especie de garda forestal para as áreas protexidas e a vida silvestre no seu país, Honduras.



Leni Suyapa e Francisca Sipriana ▶

Leni forma parte da Comisión Ambiental Municipal de Namasigüe, e participa activamente na defensa do seu territorio ante as ameazas da minaría e da fotovoltaica. **Francisca**, loitadora, feminista, leva máis de 20 anos compaxinando a defensa do territorio e a defensa das mulleres. Pero todo isto é activismo e ela ser, é labrega.

Axudas para persoas coidadoras

Concesión de axudas económicas ás familias con persoas en situación de dependencia ou con discapacidade a través do programa Respiro

Familiar para persoas coidadoras. **Prazo aberto até o 31 de outubro** (código de procedemento BS614B). Máis información nas oficinas do SLG.

Axudas para paliar os danos producidos polo lobo

Axudas para paliar os danos comunicados entre o 1 de outubro de 2021. O **prazo de presentación** será

de 1 mes contado dende o día seguinte ao da comunicación do dano (código de procedemento MT809B).

Indemnizacións por sacrificio obrigatorio de animais

As indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais en execución de programas e actuacións oficiais devixilancia, loita, control e

erradicación das súas enfermidades neste 2022 poderán solicitarse até o **30 de novembro** (código de procedemento MR553C).

Axudas para a consolidación do emprego autónomo

Estas subvencións teñen dúas liñas:

1. Axudas á conciliación do emprego autónomo. Prazo aberto até o **30 de setembro** (código de procedemento TR341R).

2. Axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida e a formación de persoas asalariadas.

Prazo aberto até o **30 de setembro** (código de procedemento TR349F).

Axudas para o fomento da economía social

Bases para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social

(programa Aproz-Economía social). O **prazo estará aberto até o setembro** (códigos de procedemento TR802G e TR802J).

Prestación por violencia machista

Convócase para o ano 2022 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero.

Prazo aberto permanentemente (código de procedemento SI434A). Máis información na túa oficina do SLG.

Axudas aos investimentos en sistemas de xestión de esterco

Establécense as bases reguladoras de concesión das axudas aos investimentos en sistemas de xestión de esterco en gandería, á transformación integral e modernización de invernadoiros, aos investimentos en eficiencia enerxética e enerxías renovables e á aplicación de agricul-

tura de precisión e tecnoloxías 4.0 no sector agrícola e gandeiro, e convócanse para o ano 2022, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. **Prazo aberto até o 4 de xullo** (código de procedemento MR406D).

Axudas excepcionais polo incremento de custos

Real Decreto 428/2022 polo que se establece a concesión directa dunha axuda para os sectores de **Vacún de carne, Ovino e caprino, Avicultura de carne, Cunicultura e Cítricos**, co fin de compensar as dificultades económicas derivadas do conflito bélico en Ucraína. Trátase de axudas directas que xestiona o propio

Ministerio de Agricultura a partir dos datos das axudas da PAC. Hai que comprobar a inclusión nos listados de persoas beneficiarias cando saian publicadas na web do FEGA, e hai que achegar documentación cando sexa requirida nas publicacións. Para máis información contacta coa túa oficina do SLG.

TÉLEFONO DE EMERXENCIA PARA CASOS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES



Non permitas que te maltraten. Solicita axuda no teléfono 016.

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

Compra - Venda - Troco

Véndese

-Tractor Same de 120 CV en bo estado. Barreiros en funcionamento. Zona de Friol
☎982183019

Véndese

- Vacas pintas de leite
☎650 107 657

Véndese

-Touro puro limusín francés con carta, moi manso (ten 5 anos) Véndese por ter moita crianza do mesmo
-Touro puro Angus (ten 4 anos)
Zona de Lugo
☎690774565

Véndese

-Muíño e desgranadora de millo en perfectas condicións. (Celia Mourín)
☎679798402

Véndese

-Can de palleiro auténtico (Víctor)
☎676 26 84 64

Véndese

-Alternador eléctrico de enganche a tractor de 15 kaveas
-Tanque de Refrigeração de leite de 2000 L. Lavado automático marca SERAP
-Abonadora Aguirre Tafaya 400kg.

-Tanque conservación semen
- Silo penso 6000kg. (José Antonio Calviño, Olas - Mesía)
☎659 927 961



Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Remolque agrícola 3x1,70. Bo estado e non ten que pasar ITV até 2025. Con rodas novas
Fotos por whatsapp
☎659 993 345 (Carlos)

Véndese

-Rolos de Silo
-Bañeira de leite 1.200 litros, JAPY
-Motor de muxido SAT 1000
☎646 60 11 81
(María Jesus)

Véndese

-16 Vacas (preñadas e con becerros)
-Tractor MCCORNIC 145cv.
-Cisterna 8000l, con carga automática, con tander. -Rotoclass 385 picadora, con rotor e malla
-Arado de 4 regos
-Rotativa con acondicionador POTINGER de 3,10 de corte.
-Batidor de xurro con botella de inclinación
-Cultivador de 9 dentes
-Pala Tenias B3
-Pesa dianteira para o tractor.
☎606 508 189 (Miguel, Lãncara)

Véndese

-18 Rolos de herba seca.
-Silo de 16m x 6m.
-3 xovencas frisoas.
☎636 915 510 (José Antonio, Calde)

Véndese

-Silo de millo
-Rolos de silo
-Rolos de herba seca
-Cargador rotativo
-Segadora bcs
-Estendedor e hilerador de herba seca
-1 punto da PAC da rexión 703
☎680 926 816 (Pilar)

Véndese

-Cargador Marangon de simple eixo.
-Tractor Ebro 160 para colección ou repostos
☎696 818 012

Véndese

-Xovencas preñadas (3 e 6 meses)
☎667 001 553
(Monfero)

Véndese

-Beceros Limousin
☎685 884 257 (Javier, Lugo)

Véndese

-Autocargador Campeva de 5 coitelos (con documentación)
-Desinsiladora CORVAR con poldro hidráulico
-Cuba de leite Alfa-Laval trifásica de 1.600 Litros
☎606 697 157

Véndese

-40 rolos de herba seca
☎982 505 755
(Santa Cristina - Cospeito)

Véndese

-Castrón adulto (2 anos) para recría. Saneado. Criado en liberdade con pasto natural. Na zona de Corme (Ponteceso)
☎659 932 481

Véndese

-Viño do país branco e tinto.
☎986 6894 86 (Ana)

Véndese

-Tractor Lamborghini 80CV dobre tracción (2004)
-Rotativa de 1,85m
☎667 469 962

Véndese

-Cociña de leña
-Caldeira de leña
☎649 369 179
(Ponteareas)

Véndese

-Coche Peugeot 106
☎648 78 82 01 (Oza - Cesuras)

Véndese

-Tubeira, motor de descarga e motor de vacío de tres puntos de sala de muxido
-Desensiladora Kuhn
-Tractor Ebro 160 para repostos
Véndese por separado e acéptanse ofertas
☎646 073 487
(José, Monfero)

Véndese

-Silo de ferro con capacidade de 25 toneladas preparado para cal viva
-Grade de discos de 16x24.
☎630 561 310 (Friol)

Véndese

-Autocargador Galagri case novo, por falta de uso.
☎606 739 438

Véndese

-Casa no lugar de Parada de Ribeira, a 3 km. de Xinzo de Limia. Amoblada e lista para vivir. Bo prezo
☎678 616 746 (Paco)

Véndese

-1.5 ha de millo para ensilar no concello de Abegondo (prezo de mercado)
☎619 267 520

Véndese

-Skoda Fabia de 68 CV TDI, Diesel. Ano 2007 e 212.000 km.
☎692 979 686

Véndese

-Motocultor Pasquali Modelo 968.02. Inclúe remolque con tracción, desbrozadora, fresadora e arado.
-Motoazada Jet 505 HR.
-Motor Honda 5.5 con fresadora e arado
☎605 908 585

Véndese

-Sala de muxido Full Wood, de catro puntos, monofásica
-Tanque de leite Japy 1.200 litros, monofásico
☎690 779 973 (Oroso)

Véndese

-Autocargador Marangón de 13 coitelas
-Angazo xuntador Kunh
-Estendedor de silo
-Desensiladora BVL de dobre coitela
-Rolos de silo e herba seca
☎689 552 293 (Guntín)

Véndese

-Tractor John Deere 6610 de 130 CV con pa e galleto.
-Picador Pottinger con rotores e 32 coitelas.
-Rotativa Pottinger de 3.80 de corte
-Angazo de 6 campás Kuhn.
-Aboadora 2.000 kg Amazone
-Aboadora 500 kg (propia para sementeira de herba) marca Vicon
-Seat Ibiza
Por peche de granxa Friol (Lugo)
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndese

-Autocargador con rotativa MORRA, en bo estado
-Tanque bañeira de frío de 1.000 litros, de aceiro inoxidable e baixo consumo
-Sala de muxido con tres puntos e lavado automático
☎981 781 879 / 636 650 908

Véndese

-Leña para biomasa
☎670 895 789

Véndese

-Rotativa 180 Morra
-Autocargador Deutz Fahr K560
☎627 936 604 (En Oroso)

Véndese

-Alpacas pequenas
☎619 267 520

Véndese

-Plastificadora
-Rotativa
-Empacadora
-Tanque de leite de 1.000 l.
-Remolque
-Batedor de xurros
-Circuíto de muxido de catro puntos
☎669 836 716

Véndese

-Silo de 5.000 Kg dividido. Leva moito tempo parado. O funil ten un anaco podre: 300 €
-Poldro para mirar os pés, con cintas en perfecto estado: 200 €
-Depósito de gasóleo de 1.000 litros: 50 €
-Plataforma para coches sen documentación: 700 €
-Rolos de herba seca do ano 2019: 25 €
-Rolos de silo de herba seca do ano 2019: 35 €
-Alpacas de herba seca pequenas do ano 2019: 3 €
-Sala de muxido MIELE de 4 puntos, pulsadores optiplus, bomba de 1.200, medidores de cristal de 33 kg. Todo en perfecto estado: 4.000 €
-Pataca branca Kenebec, perfecta tanto para fritir como cocer: 0'50 € / kilo.
-Segadora Fella 208. Nova. 5 discos: 4.000 €
En Cambre (A Coruña).
☎667 925 467 (Verónica)

Véndese

-Tanque de frío marca ALFA LAVAL para 430 litros e catro muxiduras
-Rolos de silo desta campaña
-Segadora de man marca ALFA, modelo A-100
☎689 601 768 (Emilio)
Chamar a partir das 15:00

Véndese

-Boi (4 anos) grande e manso. A 8 km de As Pontes.
☎600 830 624

Véndese

-Máquinas de limpar
-Muíño eléctrico
No Corgo (Manuel, Lugo)
☎648 718 864

Véndese

-Vacas frisoas por peche de granxa. Boa xenética e boa produción
☎722 763 880

Véndese

-Empacadora Massey Fergusson 124E
☎629 851 614

Véndese

-52 Rolos de silo
-20 Rolos de herba seca
-2 Silos de millo
-1 Colledora/Segadora BCS
-1 Estendedor e hileradora de herba seca
☎680 92 68 16
(Balbina)

OUTROS

Alúgase

-Cuadra para gando vacún no lugar de Trazo Km 6, Numide - Tordoia. (preguntar por Balbina)

Alúgase

-Instalacións con palleira e prados (15ha.)
☎606 508 189 (Miguel, Lãncara)

Alúgase

-Cuadra (Ordes – Trazo Km. 6, Numide – Tordoia)
☎680 926 816 (Pilar)

Alúgase

-4 Fincas de labradío (12ha.)
☎696 818 012 (Baixa de Trazo)

Alúgase

-Establo libre e fincas
☎981 446 501
(Cabanais)

Alúgase

-Granxa de leite con cortes vellas, novas e fincas. En Reboredo (Frades). Dispón de rodadeira, sala de muxido, sala de espera, etc.
-Tamén hai posibilidade de mercar o gando existente na granxa actualmente
☎628 829 199

Regálase

-Silo metálico especial para serraduras. Na comarca do Deza.
☎620 262 786 (Pili)



Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

OS SEGUROS PARA O GANDO

Financiado por Entidad Estatal de Seguros Agrarios, O.A. (ENESA). Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

A actividade agrogandeira é, dentro das actividades labregas, a máis propensa a sufrir perdas por clima adverso e enfermidades. Unha boa capacidade de anticipación pode axudarnos a evitar riscos que poden poñer en perigo a viabilidade do noso medio de vida. Os seguros agrarios son os mecanismos que temos para reparar estes danos extraordinarios.

Todos contan con subvencións da Entidade Nacional de Seguros Agrarios (ENESA) e da comunidade autónoma, coa opción de fraccionar o pago co aval da Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (Saeca).

Na actualidade, temos un sistema de seguro agrario combinado

con seguro de gando, seguros agrícolas, seguros forestais e acuícolas. Nesta publireportaxe, imos centrarnos nos seguros para o gando. Entre as novidades, neste 43º Plan de Seguros Agrarios Combinados establécese unha subvención adicional do 5% por Titularidade Compartida e outra do 3 % por nova contratación.

No primeiro caso, o único requisito para beneficiarse dela é figurar no Rexistro de Explotacións Agrarias de Titularidade Compartida (RETICOM). No segundo beneficiarase quen non contratase unha póliza de seguro da mesma liña de aseguramento no plan inmediatamente anterior.

LEMBRA QUE NO SLG PODEMOS TRAMITARCHE O SEGURO COA COBERTURA QUE MÁIS LLE CONVEÑA Á TÚA GRANXA Infórmate en calquera das nosas oficinas bit.ly/enderezosSLG



Seguro para explotación de gando vacún

Garantía básica



- Saneamento básico
- Febre Aftosa
- Encefalopatía Esponxiforme Bovina (EEB)
- Riscos climáticos
- Ataque de animais (Fauna salvaxe ou asilvestrada)
- Mortalidade masiva
- Período improdutivo por morte masiva

Esta garantía **cobre o sacrificio obrigatorio dos animais** e a perda de cualificación derivada deste sacrificio por **tuberculose, brucelose, leucosis enzoótica e perineumonía contaxiosa**, tras as probas de saneamento gandeiro correspondentes.

Garantías adicionais (carne e leite)



- Retirada e destrución de cadáveres RyD
- Privación de acceso a pastos
- Meteorismo
- Mortalidade por diversas causas (carne)
- Enfermidades
- Accidentes individuais
- Morte súbita
- Carbunco

- S. R. B.
- Saneamento extra con perda de produción
- Morte de crías
- Diminución da prolificidade: % Tenreiros/ano (carne)
- Parto e cirurxía
- Mamite individuais

Garantías adicionais (para explotacións de leite)



- Perda da calidade do leite:
- Aumento de células somáticas
- Presenza de inhibidores
- Presenza de Aflatoxinas
- Brote de mamite

...mamite?

Cúbrelle o **sacrificio económico** e a morte con diversas opcións segundo se trate de **explotación cárnica ou láctea**

SUBVENCIONES DE ENESA - SEGUROS GANDO PLAN 2022

COD.	LINAS	% SUBV. BASE	% SUBV. CONTRAT. COLECTIVA	% SUBVENCION POR FRACCIÓN (SAECA)	% SUBV. POR CARACTERÍSTICAS DE ASEGURADO				% (1) CONTRIBUCIÓN ASEGURAMENTO	% (2) NOVA CONTRIBUCIÓN	PRÁCTICA REDUCIDA	CONTRIB. PRODUCT.	AUTOMÁTICA POR TITULARIDAD COMPARTIDA	% (3) ENTIDADES ASOCIATIVAS
					GANADERÍA PROFESIONAL	EXPL. PRIOR.	ORGAN. PROD.	NOVE SAN. DEBORA						
	CÓDIGOS EN PÓLIZA				20.03	22	21	16			18	45	72	15
401	S. DE EXPL. GANDO VACUN DE REPROD. E PRODUCCIÓN	17	5	1	10	10	10	20	5	3	5	3	5	40
404	S. DE EXPL. GANDO OVINO E CAPRINO	27	5	1	10	10	10	20	5	3	5	3	5	50
415	S. RETIRADA E DESTRUCCIÓN (3)	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-

(1) Subv. única incompatible coas demais. (2) Aplicar en función de la información remitida en ficheros de aprobación do condicionado de cada liña. (3) Subvención base €/cabeza, segundo a especie: Ovino e caprino - 0,66€/cabeza. Bovino - 2,37€/cabeza.

As subvencións de características d@ asegurad@, prácticas de redución de riscos e condicións produtivas, e titularidade compartida, están suxeitas á aplicación por bases de datos facilitadas por ENESA.

Milleiros de galegas e galegos participaron o domingo 5 de xuño, Día Internacional do Medio Ambiente, na mobilización convocada en Santiago de Compostela pola coordinadora de organizacións sociais e veciñais "Eólica Así Non", da cal o Sindicato Labrego forma parte, para reclamar un modelo enerxético xusto coa sociedade galega e sustentábel co medio ambiente.

Por un modelo enerxético xusto coa sociedade galega e co medio ambiente

O pasado 5 de xuño, Día do Medio Ambiente, 217 entidades e plataformas galegas saímos ás rúas de Compostela para reclamar un modelo enerxético xusto coa sociedade galega e sustentábel co medio ambiente. Traballadoras e traballadores do Sindicato Labrego Galego, afiliación e persoas defensoras da terra xuntámonos para reivindicar os espazos naturais da Galiza, pedindo, a berros, o afastamento dos eólicos dos fogares galegos.

A mobilización foi convocada pola Coordinadora "Eólica Así Non", e contou co apoio de persoas recoñecidas na Galiza de diferentes artes e disciplinas culturais que, nos días previos á concentración, axudaron á coordinadora a alentar á sociedade galega para participar nesta gran marcha por un modelo enerxético alternativo.

Tras o anuncio público da convocatoria da marcha, o pasado 25 de maio, a maiores das entidades que xa cooperaran en anteriores mobilizacións convocadas pola coordinadora, sumáronse a esta causa outras 32 plataformas. A marcha recibiu un apoio multitudinario, como sucedera coma manifestación do 5 de xuño de hai un ano, ou a celebrada en todo o país con motivo do Día das Montañas, o pasado 11 de decembro.

Imaxes da concentración nas rúas de Compostela o día 5 de xuño. Nelas vemos a persoas afiliadas e compañeiras do SLG, e tamén a praza do Obradoiro ategida de pancartas para reclamar outro modelo enerxético sostible no Día do Medio Ambiente. Esta última foto pertence a Eólica Así Non.

